<i>reposición das infraestruturas vinculadas a subministracións de servizos auga, saneamento, telefonía, iluminación,...)</i>	
<i>non realizar por quedar prohibido por esta ordenanza actividades que supoña a compactación do terreo, así como a aportación de cemento, formigón, alcatranado ou almacenamento de substancias ou residuos perigosos.</i>	Non indica nada respecto diso
<i>retirada de terras alteradas pola vertido accidental de substancias contaminantes procedendo a entrega do residuos de terras contaminadas a xestor autorizado, poñendo a disposición dos técnicos municipais o da policía local os rexistros que evidencian o cumprimento dos requisitos legais de aplicación.</i>	Non indica nada respecto diso
<i>presentar ante o servizo municipal e o órgano ambiental con competencia un plan de actuación para a recuperación do solos que poidan resultar contaminados polo derrame accidental e relevante de substancias ou residuos perigosos.</i>	Non indica nada respecto diso
<i>repopoar con especies arbóreas non prohibidas, descartando a plantación das especies relacionadas no Anexo V no ámbito delimitado no mesmo.</i>	Colinde coa art 67 de Lei 7/2012
<i>unha vez cortados os eucaliptos, realizar as tarefas necesarias para evitar a repoboación espontánea e natural dos mesmos.</i>	Observación: O Decreto 73/2020 Artigo 39. Rexeneración despois do aproveitamento madeireiro ou leñoso. 3. Permitirase a rexeneración da especie ou especies que formaban a masa principal obxecto do aproveitamento, sempre respectando as distancias e franxas de uso exclusivo para as especies de frondosas do anexo I establecidas no anexo II da Lei 7/2012..
<i>manter no ámbito de faixa secundaria a limpeza procedendo a xestionar a biomasa vexetal e no seu caso substituír os exemplares das especies arbóreas prohibidas e relacionadas no Anexo V por exemplares das especies relacionadas no Anexo IV ou outras especies non prohibidas que non sexan alóctonas</i>	Non indica nada respecto diso

Por tanto conclúese que non existe vulneración da normativa municipal ao decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia trátase de boas prácticas na realización dos labores forestais e madeireiros.

Se está prohibido o eucaliptus lóxico é que se obrigue a realizar as tarefas necesarias para evitar a repoboación espontánea e natural dos mesmos, iso en concordancia coa obrigación segundo normativa



CONCELLO DE
OLEIROS

urbanística dos propietarios de como conservar e manter o solo natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios.

O artigo 39.3 do Decreto 73/2020 establece que "se permitirá a rexeneración da especie ou especies que formaban a masa principal obxecto do aproveitamento, sempre respectando as distancias e franxas de uso exclusivo para as especies de frondosas do anexo I (especies autorizadas) establecidas no anexo II (distancias) da Lei 7/2012. Enténdese que permite a rexeneración das especies autorizadas, non a das especies prohibidas.

G) No artigo 23 da ordenanza establécense unhas condicións para a realización dos traballos que son, en boa medida, máis propias da xardinería que da explotación forestal.

Trátase de medidas orientadas a protexer o arborado que non está implicado no alcance do aproveitamento forestal programado, e con todo pode verse danado polas labores forestais realizadas na súa contorna, polo que procedería a súa desestimación.

H) O artigo 29 da ordenanza difire do regulado no artigo 95.1 da Lei 7/2012 e no artigo 38 do Decreto 73/2020.

O artigo 95.1 da Lei 7/2012 establece que "*a realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual, agás por dificultades de mecanización xustificadas, por motivos ambientais, orografía ou condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión, ou aquelas outras que se determinen mediante orde da consellería competente en materia de montes.*"

Segundo o apartado 5 do mesmo artigo "*o aproveitamento da biomasa forestal realizarase seguindo criterios de sustentabilidade e a regulación do aproveitamento da biomasa forestal garantirá a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos, facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos, a valorización integral dos montes nos seus usos e aproveitamentos e a súa compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal galega, como doutros sectores tradicionais.*"

Por outra banda, o artigo 38.4 do decreto 73/2020 dispón que "*as excepcións dispostas no número anterior, non serán de aplicación cando a consellería competente en materia de sanidade vexetal, logo de xustificación ou declaración de ameaza ou grave risco de pragas ou enfermidades na zona, considere necesario eliminar ou extraer do monte ou terreo forestal, se for tecnicamente posible, os restos dos tratamentos silvícolas ou dos aproveitamentos forestais para unha determinada especie ou especies forestais. En caso de imposibilidade técnica, a consellería competente en materia de sanidade vexetal, poderá alternativamente, tras a declaración de ameaza ou grave risco de pragas ou enfermidades na zona, permitir a autorización para a queima de restos forestais amoreados prevista na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*"

As autorizacións para a queima de restos forestais amoreados someteranse ás condicións dispostas nos artigos 15 e 17 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais. As operacións deberán respectar as prohibicións de depósito de subprodutos previstas na devandita Lei 3/2007, do 9 de abril."

Sendo así, propónse cambiar a redacción do artigo pola seguinte:

"O responsable da talla e saca de madeira está obrigado a limpeza e xestión dos residuos xerados, debendo atender os requirimentos e os prazos comunicados polos técnicos do servizo municipal competente ou da policía local para corrixir as deficiencias que proceda.

A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, salvo por dificultades de mecanización xustificadas baseadas en porcentaxes de pendentes, en calquera caso superiores ao 30%, ou nunha elevada pedregosidade. No caso que as condicións de pluviometría supoñan risco de erosión ou grave compactamento do solo, ou aquelas outras que se determinen mediante orde do órgano competente, deberase dispor da autorización de prórroga para o cumprimento da obriga de extracción ou trituración da biomasa forestal residual.

Os restos da biomasa forestal triturados (non maiores de 50 cm), serán espallados mediante os medios mecánicos adecuados as características do terreo. No caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. En caso de imposibilidade técnica, deberase dispor

da autorización do órgano competente, conforme se permite a autorización para a queima de restos forestais amoreados prevista na lexislación vixente.

Deberá dispoñerse de rexistro acreditativo da comunicación de queima o de autorización de queima segundo o disposto no Decreto 105/2006, de 22 de xuño Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Os espazos municipais afectados pola intervención forestal deberán quedar totalmente limpas, sen ningún tipo de restos de materiais que supoña incremento da carga de lume, risco de propagación de enfermidades ou de contaminación do medio.

Respecto a outro tipo e natureza de refugallos, queda prohibida:

- *a dispersión no medio de restos de material e bridas de atado.*
- *abandono de envases ou embalaxes.*
- *depósito de calquera residuos xerados pola actividade forestal nos colectores da recollida de residuos do Concello de Oleiros, debendo o responsable dispor, e ter a disposición da inspección, os correspondentes rexistros de que a súa xestión, segundo a súa natureza e composición faise mediante xestores de residuos autorizados.”*

I) O artigo 30.2 da ordenanza fixa o prazo para a rexeneración da masa forestal en 12 meses, mentres que segundo o artigo 39 do Decreto 73/2020 fixa un prazo de 2 anos.

O artigo 30 da ordenanza fala da cancelación das garantías constituídas. O prazo de 12 meses establecido para a cancelación da garantía de reposición non infrinxe o artigo 39 do Decreto 73/2020, senón que establece un prazo máis curto a fin de poder devolver as fianzas constituídas para o efecto. En consecuencia trátase dun prazo máis beneficioso para o obrigado evitándolle custos innecesarios máis aló dun tempo prudencial para comprobar o cumprimento da obriga. Non obstante, en tanto non se realiza a reposición, non procede a devolución do aval, polo que dependerá do interesado optar por realizala nun ano ou en dous.

Tampouco existe vulneración en relación aos artigos 133, 145 e 138.2 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, posto que o artigo 38.3 da ordenanza establece no apartado 3 que “o incumprimento das actividades reguladas nesta ordenanza en materias de repoboación forestal, novas plantacións, verteduras ou abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais, a celebración de actos en montes incluíndo os deportivos a motor, a realización de aproveitamentos madeireiros ou de xestión privada e calquera outros regulados na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sancionaranse conforme o establecido no Título XII (artigos 127 a 144) da citada disposición”. É dicir, remite á Lei de montes de Galicia e mesmo precisa as competencias sancionadoras en consonancia coa citada disposición ao dicir:

“Corresponde a competencia sancionadora:

- Á Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de montes e por razón do territorio cando se trate de infraccións cometidas en terreos que teñan a consideración de monte ou terreo forestal (artigo 2 da Lei 2/2012) polo que o Concello comunicará á mesma os feitos constitutivos de infracción para que incoe o procedemento e imponha a sanción que corresponda e solicitará que se lle teña como parte no expediente.

- Ao non ter a consideración de monte segundo a definición do artigo 2 da lei 7/2012, corresponde ao Concello de Oleiros a competencia sancionadora nos supostos de infraccións cometidas en solo urbano, solo urbanizable, terreos de dominio público, terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola e terreos rústicos de especial protección agropecuaria.”

J) O artigo 37 da ordenanza apoiase no Decreto 144/2016 para suxeitar a actividade de explotación da madeira a acción inspectora municipal.

Ten razón o alegante, polo que procede estimar a súa alegación e dar unha nova redacción ao artigo 37 da ordenanza.

“Artigo 37 : Actuacións de inspección e control posterior

1. A inspección e control realizarase de conformidade cos artigos 369 ao 374 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da lei do solo de Galicia.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

2. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación da adecuación das obras e actividades á normativa aplicable.

3. As actuacións de comprobación e inspección, así como de vixilancia e control, axustaranse tamén a lo disposto na lexislación sectorial, así como ás prescricións destas normas. Malia o anterior, no marco das competencias municipais poderá requirirse, en calquera momento, a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos aspectos cuxo cumprimento resulte exigible de acordo coa normativa de aplicación.

O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa levarano a cabo os servizos municipais no xeito que determine o plan de inspección aprobado polo concello, sen prexuízo da utilización de medios de colaboración pública, a través de fórmulas de colaboración interadministrativa, ou de medios de colaboración privada, a través das entidades de certificación de conformidade municipal.

4. A realización de visitas de inspección da actividade comporta a obriga de redactar unha acta de comprobación, sen prexuízo da tramitación, de ser o caso, dos correspondentes expedientes sancionadores ou de restablecemento da legalidade urbanística."

ALEGACIÓN TERCEIRA

Vulneración dos artigos 53, 33 e 38 da Constitución Española.

Fundamenta a alegación no artigo 348 do Código Civil que dispón o "dereito para gozar e dispoñer dunha cousa sen máis limitacións que as establecidas nas leis". No suposto en cuestión as limitacións ao exercicio do dereito de propiedade constitúeo a Lei 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, cuxo artigo 11 regula o réxime urbanístico do dereito de propiedade do solo:

"1. O réxime urbanístico da propiedade do chan é estatutario e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación sobre ordenación territorial e urbanística.

[...] En ningún caso poderán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

4. Con independencia do establecido no apartado anterior, serán expresos, con silencio administrativo negativo, os actos que autoricen:

[...]d) A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita talla derívese da lexislación de protección do dominio público."

O artigo 12 da mesma disposición regula o contido do dereito de propiedade do solo respecto as facultades:

"1. O dereito de propiedade do solo comprende as facultades de uso, disfrute e explotación do mesmo conforme ao estado, clasificación, características obxectivas e destino que teña en cada momento, de acordo coa lexislación en materia de ordenación territorial e urbanística aplicable por razón das características e situación do ben.

Comprende así mesmo a facultade de disposición, sempre que o seu exercicio non infrinxa o réxime de formación de leiras e parcelas e de relación entre elas establecido no artigo 26.

2. As facultades do propietario alcanzan ao voo e ao subsolo ata onde determinen os instrumentos de ordenación urbanística, de conformidade coas leis aplicables e coas limitacións e servidumes que requira a protección do dominio público."

E o artigo 13 determina as facultades en relación co contido do dereito de propiedade do solo en situación rural:

"1. No solo en situación rural a que se refire o artigo 21.2,a), as facultades do dereito de propiedade inclúen as de usar, gozar e dispoñer dos terreos de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais.

A utilización dos terreos con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, quedará sempre sometida á preservación dos

devanditos valores, e comprenderá unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.”

No mesmo sentido, o artigo 16 da mesma disposición sobre os deberes e cargas do contido do dereito de propiedade do solo en situación rural ou vacante de edificación, determina:

“1. No solo que sexa rural para os efectos desta lei, ou estea vacante de edificación, o deber de conservalo supón custear e executar as obras necesarias para manter os terreos e a súa masa vexetal en condicións de evitar riscos de erosión, incendio, inundación, así como danos ou prexuízos a terceiros ou ao interese xeral, incluídos os ambientais; garantir a seguridade ou saúde públicas; previr a contaminación do chan, a auga ou o aire e as inmisiones contaminantes indebidas noutros bens e, no seu caso, recuperalos delas nos termos dispostos pola súa lexislación específica; e asegurar o establecemento e funcionamento dos servizos derivados dos usos e as actividades que se desenvolvan no solo. O cumprimento deste deber non eximirá das normas adicionais de protección que establece a lexislación aplicable.”

O estatuto da propiedade do solo definido como unha combinación de facultades e deberes establece limitacións ao dereito de gozar e dispoñer dunha cousa (artigo 348 do Código civil) tal como despréndese dos artigos anteriores e demais normativa urbanística, Lei do Solo de Galicia e PXOM como xa se fundamentou no informado nas alegacións primeira e segunda.

O artigo 21 apartado n) e o) da ordenanza non establece máis limitación que as establecidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que establece as especies prohibidas e que coinciden coas do ANEXO V da Ordenanza. Tratándose de especies prohibidas lóxico é que tampouco se permita a súa rexeneración natural e obríguese a realizar as tarefas necesarias para evitalo. Na resposta ás alegacións anteriores xa se deu contestación ao alegado respecto ao artigo 21.

O recorrente non especifica cal é a contradición entre o artigo 26 da Ordenanza e o artigo 44 da lei de Montes. Non é certo que os propietarios poidan plantar as especies que consideren oportunas posto que a lei de prevención contra incendios establece especies prohibidas e mesmo a lei de montes establece distancias nas plantacións establecendo limitacións respecto ao uso do solo.

Respecto á disposición adicional primeira da Lei de Montes establece que *“as plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, incluídos as curtas e os abatementos das árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso ou arboredo, haxa ou non plan urbanístico municipal aprobado, non requirirán licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado, debendo someterse ao estipulado na presente lei.”* Esta disposición adicional non exclúe as comunicacións previas como título habilitante da Administración Local en materia urbanística, como xa se informou na resposta ás alegacións primeira e segunda.

Non se cita cales son as limitacións da ordenanza á actividade de explotación da madeira que puidesen supoñer unha vulneración ao dereito de liberdade de empresa do artigo 38 da Constitución.

A esixencia do artigo 12 da Ordenanza sobre a presentación de Memoria técnica fai referencia á documentación necesaria para a comunicación previa que o Concello ten a potestade de establecer de conformidade co artigo 360.6 e artigos 361 e 362 do Decreto 143/2016 Regulamento da Lei do Solo de Galicia, como xa se informou na contestación ás alegacións anteriores.

- Alégase que as condicións que se establecen son ademais de imposible cumprimento. Tomando por exemplo o artigo 28, se *“cada tongada de troncos debe ter un tamaño menor que a anterior, resulta imposible, como se prescribe na seguinte liña, instalar poste de apuntalamiento. Os postes de apuntalamiento empréganse en solos en pendente, nos que a ordenanza non permite situar as pilas, e cando se empreguen a madeira debe quedar dende o primeiro momento apoiada contra eles, xa que de outro modo o impacto da madeira contra o poste en caso dun desprazamento súbito ocasionaría a súa caída. Onde non existan solos chairros, as pilas de madeira débense situar necesariamente sobre a pendente, empregando as técnicas axeitadas para facelo con seguridade, que poden consultarse en calquera tratado sobre a materia e que difiren do previsto na ordenanza.*

Detectase unha errata no texto porque, se ben as condicións que se establecen non son de imposible cumprimento, e de feito tomáronse como referencia as Notas Técnicas de Prevención (NTP) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo *“NTP 220: Seguridade no almacenamento de madeira”*, indícase



CONCELLO DE
OLEIROS

"tamaño" no canto de tronco. Para liquidar o erro e mellorar a interpretación do regulamentado neste artigo propónse modificar a súa redacción polo texto que a continuación se expón:

“As pilas de madeira formaranse sempre que sexa posible sobre solo chaira capaz de soportar a carga sen sufrir deformacións que alteren as súas características edáficas.

Na base da pila colocaranse os troncos de maior sección e lonxitude, calzando os troncos exteriores coas cuñas adecuadas para reducir o risco de esvaramento. Cada tongada de troncos debe ter un tronco menos que a anterior. Previrase zunchos de atado ou postes de apuntamento para evitar o esvaramento, así como as técnicas que se consideren adecuadas segundo as características do terreo para facelo coa máxima seguridade.

A localización das pilas de madeira queda limitada ao espazo comunicado ou delimitado pola licenza obtida para o desenvolvemento da actividade forestal que motiva a súa presenza no monte.

Está prohibido o almacenamento de materias primas perigosas ou residuos perigosos no espazo delimitado para o cargadeiro de madeira así como o estacionamento de maquinaria que poida ser motivadora de compactación do chan ou xeradora de potenciais derrames de substancias contaminantes sobre o solo.”

- Alégase que a xestión dos restos de corta prevista no artigo 29 da ordenanza difire notablemente do regulado respecto no artigo 95.1 da Lei 7/2012 e no artigo 38 do Decreto 73/2020.

Xa se contestou na alegación segunda apartado H.

O alegado sobre o prexuízo grave aos viveiros forestais é unha afirmación gratuíta, non presentándose alegación algunha polos titulares de viveiros. O alegante unicamente actúa en representación dos empresarios dedicados á actividade industrial da transformación da madeira e á compra de aproveitamentos forestais e de madeira en rolo, non en representación de titulares dos viveiros que se dedican á produción de plantas de interior e exterior.

Procede estimar a alegación respecto dos artigos 28 e 29 da ordenanza dando nova redacción e desestimar o resto.

ALEGACIÓN CUARTA

Improcedencia da existencia de garantías.

A normativa sectorial que a continuación se citará establece obrigacións dos propietarios de montes e terreos forestais encamiñadas á rexeneración, natural ou artificial, da superficie afectada debendo proceder á renovación da masa arborizada. Para o efecto hai que lembrar que a Lei de montes considera “monte” mesmo o solo rústico ordinario que non sexa agrario e o de especial protección, polo que a ordenanza municipal non impón obrigacións que non estean reguladas na normativa sobre montes, e a necesidade de constituír fianza é para garantir o seu cumprimento.

O artigo 39 do Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia establece:

“1. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, e como consecuencia dos deberes específicos das persoas propietarias dos montes ou terreos forestais privados establecidos, no artigo 44, número 2, alíneas a) e b) da Lei 7/2012, a persoa propietaria do predio deberá realizar as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración, natural ou artificial, da superficie afectada.

*2. Para cumprir o previsto neste artigo, a persoa responsable procederá **á renovación da masa arborizada nun período de tempo non superior a dous anos** contados desde a data en que finalice a execución do aproveitamento, agás causas xustificadas, debidamente, acreditadas. Consideraranse causas xustificadas, entre outras, que a especie necesite un maior período para rexenerar, así como aquelas outras baseadas nun cambio de uso ou actividade que afecte a superficie obxecto do aproveitamento e impida ou dificulte decisivamente esta renovación.*

3. Permitirase a rexeneración da especie ou especies que formaban a masa principal obxecto do aproveitamento, sempre respectando as distancias e franxas de uso exclusivo para as especies de frondosas do anexo I establecidas no anexo II da Lei 7/2012.”

O prazo de 12 meses establecido para a cancelación da garantía de reposición non infrinxe o artigo 39 do Decreto 73/2020, senón que establece un prazo máis curto a fin de poder devolver as fianzas constituídas para o efecto. En consecuencia trátase dun prazo máis beneficioso para o obrigado, evitándolle custos innecesarios máis aló dun tempo prudencial para comprobar o cumprimento da obrigaón. Non obstante esta alegación xa foi informada en contestación á alegación terceira no sentido de que, en tanto non se faga a reposición, non procede a devolución do aval, polo que o interesado poderá optar por facer a reposición no prazo de 2 anos se así o estima máis conveniente. A ordenanza establece un prazo de devolución do aval, en beneficio do interesado.

Tampouco existe vulneración en relación aos artigos 133, 145 e 138.2 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia debido a que o artigo 38.3 da ordenanza establece no apartado 3 que *“o incumprimento das actividades reguladas nesta ordenanza en materias de repoboación forestal, novas plantacións, verteduras ou abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais, a celebración de actos en montes incluíndo os deportivos a motor, a realización de aproveitamentos madeireiros ou de xestión privada e calquera outros regulados na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sancionaranse conforme o establecido no Título XII (artigos 127 a 144) da citada disposición.”* Precísanse incluso as competencias sancionadoras en consonancia coa Lei 7/2012 e Lei 3/2007.

A disposición adicional segunda da Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece que *“as entidades locais, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, poderán establecer medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.”* De aí que o Concello, a través da ordenanza contemple a constitución de fianzas para garantir o cumprimento dos deberes impostos polo artigo 44, punto 2, liñas a) e b) da Lei 7/2012, encamiñadas á rexeneración, natural ou artificial, da superficie afectada.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece que todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación e a utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional. As directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia din que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade. Tamén o que as administracións públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008, do 7 de xuño, de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre el e mesmo [...]

En definitiva, a normativa existente obriga á protección do medio natural, á reposición das masas arbóreas, ás boas prácticas na xestión da biomasa e aproveitamentos forestais e madeireiros. E, en concordancia coa mesma, a ordenanza municipal non crea máis obrigaóns que as establecidas por estas normas, a diferenza está en obrigar a que estes deberes e boas prácticas cúmplanse no municipio de Oleiros en defensa do seu patrimonio natural. Ocorre que nun municipio como o de Oleiros con gran dispersión poboacional (urbanizacións existentes e vivendas illadas construídas ao amparo da lei do solo de Galicia do ano 1985) xérase un grafiado de faixas secundarias de protección que practicamente ocupa todo o termo municipal, polo que a aplicación literal das mesmas pode acabar co arborado existente baleirando de contido os valores do solo que o PXOM quere preservar.

A actividade madeireira derivada das obrigaóns de mantemento de faixas secundarias de prevención de risco contra incendios e en terreos que os seus titulares queren realizar para a obtención dun beneficio económico, incide tamén nas infraestruturas municipais ou viario público o que esixe unha intervención da Administración para garantir o goce do dominio público polo conxunto dos veciños e o mantemento das vías en condicións óptimas de uso. Tamén esta actividade extractiva demanda un adecuado control das obrigaóns de xestión que afectan tanto as empresas como ás persoas propietarias dos montes, e unha intervención municipal que evite a desaparición das masas arbóreas do municipio.

A ordenanza trata de ser respectuosa coas normativas sectoriais e as competencias da administración autonómica de maneira que na maioría dos artigos faise referencia á Lei de montes e á Lei de incendios forestais tratando de facer un compendio de normativas concorrentes sobre o territorio. Tamén se pretende que os solos clasificados no Plan xeral como solos destinados a sistemas xerais zonas verdes e os rústicos de especial protección sigan mantendo as masas arbóreas que lles fixeron merecedores de tal clasificación e cualificación urbanística. O Concello actúa no exercicio de competencias urbanísticas, ambientais e en materia de protección contra riscos forestais no termo municipal de Oleiros.

O Concello tamén ten unha rede de camiños municipais aprobada definitivamente polo Concello Pleno en sesión do 26 de xaneiro de 2012 correspondendo ao Concello a conservación e o mantemento dos mesmos (Ver Regulamento de Bens Municipais e artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario). Observando a rede de vías municipais do Concello de Oleiros é difícil acreditar que desde a talla ata o centro de transformación da madeira non se utilice unha vía pública municipal.

Respecto a o alegado do artigo 47.2 da Lei de estradas de Galicia, fai referencia a zona de dominio público que comprende noiro, marxes e calzada e require o previo informe vinculante da Administración titular da estrada que ademais é o titular das especies arbóreas que existan no mesmo. En definitiva, iso pon de manifesto que no suposto de talla en dominio público de estrada e máis se é de titularidade municipal, a autorización do órgano forestal deberá achegarse e presentarse coa comunicación previa regulada nesta ordenanza.

Na utilización dos bens de dominio público considerárase uso común especial se concorresen circunstancias deste carácter polo perigo, intensidade do uso ou calquera outra semellante (art. 75.1.b do Real Decreto 1372/1986). Tendo en conta que un dos fins da ordenanza é regular as condicións do *“uso do espazo público municipal pola actividade forestal e esixencia de responsabilidades durante as operacións preparatorias e de desenvolvemento de talla e saca de madeira, para asegurar a preservación do entorno, da paisaxe, dos bens municipais, da seguridade viaria e a prevención e defensa contra os incendios forestais, respecto aos danos e deterioracións que se poden xerar polo seu desenvolvemento”*, está a definirse un uso especial dos espazos públicos que se utilicen no desenvolvemento da actividade forestal. O artigo 24.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regula a obrigaición de reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe cando o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioración do dominio público local.

ALEGACIÓN QUINTA

Vulneración dos principios da boa regulamentación, principio de necesidade e eficacia, principio de proporcionalidade, principio de seguridade xurídica e principio de eficiencia.

No exercicio da potestade regulamentaria a Administración Local para adaptar a normativa ás peculiaridades da súa propia organización, poboación, funcionamento, xeografía, etc. debe actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, todos eles englobados dentro o que se denomina boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de maneira que na exposición de motivos debe quedar ben xustificada a adecuación ao devandito principio.

Na exposición de motivos da ordenanza explícase que sobre un mesmo territorio - o termo municipal de Oleiros- converxen as normativas de plan urbanístico, normativa de montes, normativa de protección de riscos de incendio e a de conservación da natureza, hábitats e especies. A confluencia de toda esta normativa crea confusión na súa aplicación e no exercicio municipal das competencias urbanísticas e de protección do medio ambiente, cando a planificación urbanística é o eixo central a partir do cal se insire a vertente ambiental.

É dicir, o Municipio de Oleiros está afectado en practicamente todo o seu territorio polo Plan de Ordenación do Litoral que establece un marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sustentabilidade dos recursos naturais do litoral. Tamén o municipio dispón dun plan xeral de urbanismo no que se clasifican solos destinados a sistema xeral de espazos verdes e outros solos que polos seus especiais características están clasificados de solos rústicos de especial protección forestal, de augas, de costas, de espazos naturais, de interese paisaxístico e de protección agropecuaria con masas arbóreas que deben ser obxecto de protección para manter aqueles elementos que fixeron merecedores de tal clasificación, máxime cando a definición que fai a lei de montes sobre o que se considera monte causa unha gran confusión en orde ao exercicio de competencias para a protección do uso do solo desde o punto de vista urbanístico e de xestión de aproveitamento forestais e madeireiros. O *“tsunami normativo”* sobre medio ambiente, urbanismo, actividades, montes, protección contra incendios,... crea un labirinto normativo que dificulta a protección das masas arbóreas existentes no municipio, e que de non actuar chegarase á extinción das mesmas.

En tal sentido, a ordenanza cumpre co artigo 29 da lei de Procedemento Administrativo Común, que esixe que a iniciativa normativa estea xustificada por unha razón de interese xeral como é a protección das especies arbóreas existentes que fixeron merecedoras dunha especial protección desde o punto de vista urbanístico,



CONCELLO DE OLEIROS

fai unha identificación clara dos fins perseguidos (ver artigo 2 onde se define o obxecto da ordenanza) e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución ao establecer os deberes dos axentes que interveñen no desenvolvemento da actividade forestal e de xestión da biomasa, establecer os mecanismos de intervención e control (comunicación previa) e esclarecer o réxime sancionador en concordancia coa normativa sobre montes e de protección contra incendios. En definitiva, trata de aclarar o exercicio das competencias municipais en materia de urbanismo e de medio ambiente no medio dun tsunami normativo que dificulta, máis que axuda, á xestión do ben xurídico protexido, é dicir, das masas arbóreas do termo municipal.

A ordenanza municipal harmoniza a normativa urbanística, a medio ambiental, de montes e a de riscos de protección contra incendios de maneira que practicamente todos os artigos teñen un apuntamento sobre ditas normativas, en especial a de montes e a de incendios. Ademais incorpora boas prácticas establecidas en normativas de xestión de aproveitamentos forestais e aproveitamento madeireiros en montes ou terreos forestais de xestión privada refundindo nun só texto normativa que incide no obxecto da ordenanza, facilitando así o exercicio das competencias municipais. Cumpre así co principio de seguridade xurídica da Lei de Procedemento Administrativo Común.

Estraña a alegación presentada pola Federación Empresarial de Aserradores y Rematante de Madera, posto que o Concello de Oleiros, do mesmo xeito que outros Concellos (Malpica de Bergantiños, Cedeira, Cambre, Narón, Cee, Abegondo, Aranga, Ares, etc.) dispón de ordenanza na que se regula a intervención municipal en relación ás operacións de saca de madeira, e desde a aprobación dos plans xerais exercéronse competencias en materia de tallas no termino municipal, sendo comunmente asumido polos talladores. Polo tanto non se trata dunha ordenación ex novo de competencias municipais senón dunha adaptación e aclaración do exercicio das competencias urbanísticas e medio ambiente afectadas por normas de xestión de aproveitamentos forestais e madeireiros. A ordenanza non prohibe estes usos propios do solo rústico senón que os incorpora suxeitándoos a control para garantir a protección urbanística da que son obxecto.

Finalmente a Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, regula no TÍTULO II denominado Mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, a tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental, tramites que a ordenanza municipal non esixe.”

Visto o informe xurídico emitido, ao Concello Pleno propónse que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE ASERRADORES Y REMATANTES DE MADERA o 12.08.2020 con R.E. Nº 2020010401 contra o acordo de aprobación inicial da ordenanza aprobada polo Concello Pleno en sesión do 25 de xuño de 2020, no relativo á corrección do erro no artigo 35 e a nova redacción dos artigos 28, 29 e 37 da ordenanza e desestimar o resto.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PLANTACIÓN E TALLAS DAS MASAS FORESTAIS, CONSERVACIÓN E FOMENTO DE ESPECIES AUTÓCTONAS, coa modificación dos artigos antes mencionados.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal.

CUARTO.- Notificar á FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE ASERRADORES Y REMATANTES DE MADERA.

QUINTO.- A ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local (artigo 70 LBRL).”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.

ORDENANZA MUNICIPAL
REGULADORA DE
PLANTACIONES E TALLAS DAS
MASAS FORESTAIS,
CONSERVACIÓN E FOMENTO
DE ESPECIES AUTÓCTONAS

OUTUBRO 2020
CONCELLO DE OLEIROS

ÍNDICE

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	2
2. TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS	5
3. TÍTULO II: ACTIVIDADE FORESTAL.....	14
3.1 CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS	14
3.2 CAPÍTULO II: DOS TÍTULO HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA, COMUNICACIÓN PREVIAS E LICENZAS.....	15
3.3 CAPÍTULO III: USO DA REDE DE VIAIS, PISTAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS .	19
3.4 CAPÍTULO IV: CONSERVACIÓN E LIMPEZA.....	21
4. TÍTULO III: XESTIÓN DA BIOMASA	32
4.1 CAPÍTULO I: CONSERVACIÓN E LIMPEZA	32
4.2 CAPÍTULO II: XESTIÓN.....	33
5. TÍTULO IV: DISCIPLINA.....	37
6. DISPOSICION ADICIONAL, DEROGATORIA E FINAL	43
7. ANEXO I: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA	44
8. ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE DE LICENZA	47
9. ANEXO III: ACORDO OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERREOS	50
10. ANEXO IV: ESPECIES DE CONIFERAS E FRONDOSAS	51
11. ANEXO V: ESPECIES CON PRESENCIA PROHIBIDA NOS SOLOS URBANOS, URBANIZABLE E AMBITO DELIMITADO DAS FAJAS SECUNDARIAS.....	52
12. INFORME XUSTIFICATIVO: CUANTÍA DE REPOSICION COMPENSATORIA E FIANZAS.....	53
13. DELIMITACIÓN DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA	



CONCELLO DE
OLEIROS

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello, con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos do medio ambiente e do urbanismo e o establecido pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, formula a presente ordenanza para promover a aplicación de medidas de protección e de fomento das masas arbóreas do termo municipal.

Sobre un mesmo territorio - o termo municipal de Oleiros- converxen as normativas de planeamento urbanístico, normativa de montes, normativa de protección de riscos de incendio e a de conservación da natureza, hábitats e especies. A confluencia de toda esta normativa crea confusión na súa aplicación e no exercicio municipal das competencias urbanísticas e de protección do medio ambiente, cando a planificación urbanística é o eixo central a partir do cal se insire a vertente ambiental.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece que o patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación co desenvolvemento, a saúde e o benestar das persoas e pola súa achega ao desenvolvemento social e económico. Todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación e a utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional, que inclúe o seu medio mariño, así como na zona económica exclusiva e na plataforma continental, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, tendo en conta especialmente os tipos de hábitats naturais e as especies silvestres en réxime de protección especial.

A Disposición adicional segunda da mesma norma establece que “As entidades locais, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, poderán establecer medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.”

As directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia din que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade. Tamén o que as administracións públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008, do 7 de xuño, de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos



CONCELLO DE OLEIROS

instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre el e mesmo entre outras determinacións o que para a ordenación do litoral as actuacións en só rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento dá máxima naturalidade e, non seu caso, a restauración dá calidade ambiental e a protección do patrimonio cultural costeiro.

En cumprimento das directrices de ordenación do territorio o plan xeral do Concello contén ordenanzas que regulan o solo rústico de especial protección, merecendo tal clasificación e cualificación precisamente para protexer os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais. Esta protección non pode quedar quebrantada coa aplicación de normativas sectoriais tales como a lei de montes ou a de protección de riscos contra incendios de maneira que en aplicación das mesmas arrásense as masas forestais existentes. Haberá que establecer criterios que fagan compatibles os fins das normas sectoriais coa normativa urbanística que regula o solo rústico de especial protección e a preservación do arborado existente.

Coa definición que a Lei de montes fai do que se considera monte e cos fins da lei de riscos contra incendio, ocorre que nun municipio como o de Oleiros con gran dispersión poboacional (urbanizacións existentes e vivendas illadas construídas ao amparo da lei do solo de Galicia do ano 1985) xérase un grafiado de faixas secundarias de protección que practicamente ocupa todo o termo municipal, polo que a aplicación literal das mesmas pode acabar co arborado existente baleirando de contido os valores do solo que o PXOM quere preservar. Por iso é polo que a Ordenanza regula a constitución dun fondo municipal de conservación e mellora do arborado e a repoboación como medida compensatoria do impacto que as tallas poden ter nas masas arbóreas existentes.

A actividade madeireira derivada das obrigacións de mantemento de faixas secundarias de prevención de risco contra incendios e en terreos que os seus titulares queren realizar para a obtención dun beneficio económico, incide tamén nas infraestruturas municipais ou viario público o que esixe unha intervención da



CONCELLO DE OLEIROS

Administración para garantir o goce do dominio público polo conxunto dos veciños e o mantemento das vías en condicións óptimas de uso. Tamén esta actividade extractiva demanda un adecuado control das obrigacións de xestión que afectan tanto as empresas como ás persoas propietarias dos montes, e unha intervención municipal que evite a desaparición das masas arbóreas do municipio.

Para a adecuada intervención municipal, os propietarios ou, no seu caso, as empresas madeireiras, deberán suxeitarse aos títulos habilitantes de natureza urbanística do artigo 142. 2. i) (licenza municipal) e apartado 3 (comunicación previa) da Lei 2/2016) e tramitala ante o Concello para a realización de actividades extractivas, constituír unha fianza para cubrir os posibles danos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local, garantir a reposición ou substitución das árbores talladas nos suposto que pola clasificación e cualificación urbanística do solo deban preservarse as masas arbóreas existentes que fixeron merecedoras da especial protección.

A ordenanza regula a protección, conservación e mellora do arborado do termo municipal de Oleiros primando a plantación de especies autóctonas en substitución das especies prohibidas pola Lei de 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a Lei 7/2012 de montes de Galicia, creando un Fondo municipal de conservación do arborado. Regula o exercicio da actividade forestal, as garantías do cumprimento das obrigacións, a xestión da biomasa, a medida compensatoria de repoboación e substitución de especies arbóreas e as infraccións e sancións procedentes. En definitiva, a ordenanza trata de compaxinar a actividade madeireira coa protección do arborado existente.



2. TÍTULO I : DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1: Marco Normativo

As regulacións ditadas a través desta ordenanza, susténtase nas competencias que posúe o Concello de Oleiros, segundo o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de administración local e na Lei 5/1997 de 22 de xullo, da administración local de Galicia, do previsto no Real Decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais, na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, na Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como a Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, a Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental e o Plan Xeral Municipal de Ordenación, aprobado parcialmente por Orde do 11.03.09 da C.P.T.O.P.T., BOP Nº 75 de 02.04.2009, DOG Nº 81 de 28.04.2009, e aprobado definitivamente por Orde de 11.12.2014 da C.M.A.T.I., DOG Nº 16 de 26.01.2015 e BOP Nº 29 de 12.02.2015.

Artigo 2: Obxecto

A presente ordenanza, de natureza non fiscal, ten por finalidade a regulación nos solos do municipio de Oleiros, delimitados de competencia municipal de acordo co establecido na normativa vixente, das condicións para:

- a) As masas arbóreas no solo que el PXOM clasifica y cualifica como solos de protección forestal , solos rústicos de protección de augas, solos rústicos de protección patrimonial, artística o histórica, solos de protección agropecuaria

solos de protección de espazos naturais, solos de protección de costas e solos de protección de interese paisaxístico.

- b) O uso do espazo público municipal pola actividade forestal e esixencia de responsabilidades durante as operacións preparatorias e de desenvolvemento de talla e saca de madeira, para asegurar a preservación do entorno, da paisaxe, dos bens municipais, da seguridade viaria e a prevención e defensa contra os incendios forestais, respecto aos danos e deterioracións que se poden xerar polo seu desenvolvemento.
- c) A xestión da biomasa vexetal e a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias e faixa perimetral de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros.
- d) A protección, conservación e mellora do arborado público e privado do municipio de Oleiros, mediante a súa defensa, fomento das especies autóctonas e a regulación da xestión de plantacións arbóreas, repoboacións, transplantes e podas drásticas de arborado.
- e) A protección, conservación e mellora das masas arbóreas mediante a súa defensa, fomento e coidado como parte integrante do patrimonio municipal.
- f) Establecemento dos instrumentos xurídicos de intervención e control e o réxime sancionador en defensa e protección da biomasa e arborado público asentado en solo de competencia municipal do termo municipal de Oleiros.

Artigo 3: Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Oleiros, aplicándose á actividade forestal e arborado existente e calquera que sexa a clasificación e cualificación urbanística do solo

Artigo 4: Actividades incluídas

Quedan incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As tallas de especies forestais



CONCELLO DE OLEIROS

- As tallas puntuais de exemplares de especies arbóreas e arbustivas que polo seu porte, idade o situación estratéxica, forme parte importante da configuración ambiental dos solos rústicos de protección patrimonial, artística ou histórica.
- As tallas de especies arbóreas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.
- As superficies talladas e as ocupadas polos cargadeiro de madeira.
- As repoboacións de masas arbóreas
- As construcións e instalacións forestais destinadas á extracción de madeira ou a xestión forestal e ás de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal.
- A conservación e protección dos camiños, viais e viais de acceso e demais infraestruturas anexas a os lugares de talla, corta de madeira
- As labores forestais (corta, depósito, carga e transporte de madeira, plantacións, abonado, protección da repoboación, coidados posteriores, tratamentos culturais, ou almacenamento de madeira entre outras) desenvolvidas no ámbito territorial do municipio.
- As actividades de xestión da biomasa, traballos de roza e limpeza de predios no municipio
- As actividades deportivas lúdicas y de competición motorizadas (4 x 4, motocross, trial, etc., excepto as promovidas ou autorizadas polo propio concello) que se desenvolvan en solos de protección forestal , solos rústicos de protección de augas, solos rústicos de protección patrimonial, artística o histórica, solos de protección agropecuaria solos de protección de espazos naturais, solos de protección de costas e solos de protección de interese paisaxístico.

Artigo 5: Órgano municipal competente

A competencia para exixir o cumprimento das obrigas, decretar e aplicar os requisitos previstos nesta ordenanza, corresponden ao alcalde ou concellerio/a en quen delegue.



Artigo 6.- Persoas responsables

A efectos do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza teñen a consideración de persoas responsables, as persoas físicas o xurídicas:

- a) Titulares dos terreos ou no seu caso os titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos, responsables do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas.
- b) As administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica.
- c) As empresas que xestionen, executen ou interveñan en labores de xestión da biomasa obxecto desta ordenanza.
- d) Os técnicos ou profesionais que subscriben as memorias técnicas dos títulos habilitantes de natureza urbanística.

Artigo 7: Definicións

Para os efectos da aplicación desta ordenanza, deberá entenderse, como:

- a) Actividade forestal: Aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiros, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola. Engloba aos actos que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte coma operacións preparatorias de talla, desprazamentos de vehículos e maquinaria, modificacións do terreo e construcións para facilitar o acceso aos terreos, depósitos de madeira ou o seu traslado.
- b) Árbore: Planta de talo leñosos con perímetro de tronco na base de polo menos 10 cm e 1,50 m de altura, dependendo das particularidades da especie.
- c) Características edáficas: composición y natureza do solo na súa relación coas plantas e o entorno.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

- d) Cargadeiro de madeira: Espazo utilizado para almacenamento dos troncos durante a operación de extracción da madeira tallada, ata ser cargada para o seu transporte aos lugares de destino.
- e) Derribo: Eliminación total dunha árbore mediante arranque do sistema radical. A os efectos desta ordenanza considerase sometido as mesmos requirimentos legais que a tala/apeo.
- f) Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte de madeira, e tamén as persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teña por destino a súa comercialización.
- g) Entresaca: Tipo de curta descontinuas que xera masas irregulares non tanto na súa composición de idade senón na súa estruturación en diversos estratos verticais.
- h) Especies alóctonas: especies invasoras. Especies que se achan fóra da súa área natural de distribución ou hábitat provocando severos danos ao medio ambiente, a outras especies e mesmo ás actividades do home.
- i) Leito natural: parte superficial do solo, bioloxicamente activa, que provén da desintegración ou alteración física e química das rocas e dos residuos das actividades de seres vivos que se asintan sobre el, constituíndo un conxunto complexo de elementos físicos, químicos e biolóxicos que compón o substrato natural no cal se desenvolve a vida das especies vexetais.
- j) Matarrasa: Tipo de curta continua de rexeneración en monte baixo, que consiste na extracción total e nunha vez de todos os pés asentados nunha determinada superficie.
- k) Material seleccionado: Corresponde ao material de reprodución obtido a partir de materiais de base (rodais) situados nunha única rexión de procedencia, de cuxas características ecolóxicas non difire, e que satisfai unha serie de esixencias establecidas oficialmente. Entre estas, hai unhas de carácter xeral, referidas á súa orixe, illamento, tamaño poboacional, idade, uniformidade,



capacidade adaptativa, estado sanitario, delimitación e acceso, e hai outras relacionadas co obxectivo principal da selección (producción, calidade produtiva e crecemento).

- l) Marra: aos efectos desta ordenanza considerase o fallo de plantación, ou o que é o mesmo, á planta que morreu durante os 12 primeiros meses posteriores á plantación.
- m) Masa arbórea: aos efectos da aplicación da ordenanza, considéranse como tal:
 - a. Os ámbitos de agrupacións singulares de árbores que poidan identificarse.
 - b. Os soutos de ribeira e o arborado que acompaña ós leitos públicos.
 - c. Os grupos de arborado incluídos na delimitación das zonas verdes ou libres públicas (*sistemas xerais de zonas verdes o espazos libres*). Calquera outro ámbito, público ou privado, que polas súas condicións de densidade, porte, idade ou interese botánica ou paisaxística forme un grupo recoñecible.
 - d. Os cultivos forestais de superficie superior a 5.000 m²
- n) Poda: Eliminación de ramas superfluas ou partes de ramas dunha árbore, vivas ou mortas, que se realiza seguindo os criterios e perseguindo uns obxectivos determinados.
- o) Poda drástica: Toda aquela que supoña un desequilibrio relevante entre a parte aérea e a parte radical da árbore, ven sexa por redución importante da copa ou altura do exemplar, así como a eliminación de ramas de máis de 8 cm de diámetro.
- p) Repoboación forestal: introdución de especies forestais arbóreas ou arbustivas nun terreo mediante sementa ou plantación.
- q) Reposición de marras: aos efectos desta ordenanza consiste na substitución das plantas mortas ou en mal estado por novos exemplares, seguindo pautas definidas na resolución de licenza para a reposición compensatoria.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

- r) Rodal: espazo de superficie variable pero con constancia das características de masa e estación, e por tanto de tratamento. Constitúe a superficie elemental de descrición e traballo
- s) Roza: Extracción e retirar nun predio de maleza, broza, madeiras caídas, entullos, tocos, lixo ou calquera outro material indesexable.
- t) Saca: A totalidade das operacións que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira, como é o desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas, entre outros, así como as posteriores como preparación, depósito, carga e transporte e similares.
- u) Talla/apeo: Abatemento de árbores.
- v) Tecnosol: Solos novos elaborados a partir de residuos orgánicos e inorgánicos, procedentes de calquera actividade, que son formulados para resolver alteracións de maneira específica.
- w) Toco: Parte do tronco dunha árbore que queda no chan e unida á raíz cando é tallado polo pé.
- x) Transplante: Técnica consistente no traslado dun exemplar do lugar onde está enraizado e plantalo en outro lugar. Non se admite na consideración de este termo, a extracción do exemplar realizada dende o tronco.
- y) Usos forestais: Considérase como forestal o uso ou actividade relativa ó cultivo de especies arbóreas e arbustivas ou de matagueira e pastos forestais susceptibles de explotación e aproveitamento controlado, incluíndo as actividades propias da súa explotación en orixe, tales como garda, corta, serrado e despece.
- z) Xestión de biomasa: A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza.



Artigo 8: Protección, conservación e mellora do arborado

Os propietarios de arborado en calquera das súas categorías están obrigados ao seu mantemento, conservación e mellora, realizando os traballos precisos para garantir o seu adecuado estado vexetativo.

O concello de Oleiros na medidas das súas competencias:

1. Protexerá o arborado existente nos solos rústicos de especial protección segundo el PXOM a fin de conservar os valores naturais, medioambientais, paisaxísticos, históricos e de potencialidade que os fixeron merecedores de tal clasificación.
2. Promoverá o coñecemento dos valores ecolóxicos, culturais, sociais, urbanísticos e económicos do arborado, mellorando a sensibilidade da poboación e organizacións en relación a súa protección e fomento.
3. Impoñerá a aplicación de medidas de protección e fomento do arborado sobre o que ten competencias nos procesos de contratación pública, en sintonía cos obxectivo de calidade paisaxística (OCP) xerais das directrices de paisaxe de Galicia, para áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), para ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP), para actuacións e elementos caracterizadores da paisaxe, para a grande área paisaxística coa que se corresponde o territorio municipal,
4. Constituirá un fondo municipal de conservación e mellora do arborado no que se ingresará as cantidades depositadas por sancións municipais derivadas do incumprimento da ordenanza, que se destinarán á reposición, mantemento e conservación do arborado, entendendo por tal a plantación de novo arborado e o seu mantemento do espazo de competencia municipal e espazos con autorización expresa do organismo competente.
5. Priorizará para realizar novas plantacións as zonas próximas as que se realizaron tallas.
6. Primará a plantación de especies autóctonas e aquelas adaptadas ás contornas urbanas, que destaquen pola súa capacidade de sumidoiro de CO₂.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

7. Non permitirá o desenvolvemento de actividades (actividades deportivas lúdicas e de competición motorizadas: 4X4, motocross, trial, etc., excepto as promovidas ou autorizadas polo propio Concello) que alteren as condicións ecolóxicas das masas arbóreas asentadas en solos da súa competencia.

3. TÍTULO II: ACTIVIDADE FORESTAL

3.1. CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 9: Obxecto

É obxecto deste capítulo regular:

- a) A actividade forestal e a esixencia de responsabilidades durante as operacións preparatorias e de desenvolvemento de talla e saca de madeira, para asegurar a preservación do entorno, da paisaxe, dos bens municipais, da seguridade viaria e a prevención e defensa contra os incendios forestais, respecto aos danos e deterioracións que se poden xerar polo seu desenvolvemento.
- b) O procedemento de comunicación previa ou, no seu caso, de licenza de talla e actuacións asociadas á actividade forestal que teña lugar no termo municipal do Concello de Oleiros ou que, realizadas en outros concellos, requira o tránsito por vías competencia do Concello de Oleiros.
- c) Establecementos de garantías/avales
- d) As prácticas de conservación e limpeza.
- e) A reparación de deterioracións, desgaste anormal e danos a terceiros.

Artigo 10: Exercicio da competencia municipal

1. - A competencia municipal para o control do cumprimento dos requirimentos de comunicación, uso, conservación e limpeza regulados neste título serán exercido polo servizo técnico municipal que teña atribuída a competencia o pola policía local, tendo estes a potestade da paralización das actividades reguladas nesta ordenanza ante o incumprimento dos requisitos establecidos.

2.- Todos os rexistros relacionados coa xustificación do cumprimento dos requisitos administrativos, deberán estar dispoñibles no lugar de operación para atender os requirimentos respecto aos mesmos por parte dos técnicos do servizo municipal con competencia na materia ou pola policía local.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

3.2. CAPÍTULO II: DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA: COMUNICACIÓN PREVIAS E LICENZAS

Artigo 11: Réxime de licenza e comunicacións previas

Están suxeitas ao réxime de licenza as tallas de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva nos solos urbanos no consolidados e solos urbanizables incorporados a procesos de transformación urbanística; en rústico de especial protección do dominio público (costas, estradas, augas, patrimonio...). En xeral, a talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita talla derivásese da lexislación de protección do dominio público (artigo 142.2.i) da LSG, excepto as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal, nese caso esixirase a comunicación previa ao Concello.

Nos demais supostos o título habilitante é a comunicación previa. A comunicación previa será efectiva unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a súa presentación. Por motivos de acumulación de traballo poderase prorrogar o prazo a 20 días hábiles notificándose ao solicitante a resolución municipal que así o autorice (art. 23 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

A tramitación de licenzas axustarase ao procedemento establecido no artigo 352 e seguintes do Decreto 143/2016 do Regulamento da Lei do solo de Galicia. O procedemento para as comunicacións previas é o establecido nos artigos 361 e seguintes da mesma disposición.

Formato da documentación a presentar: 1 exemplar en formato papel e 1 exemplar en formato CD.

Artigo 12

A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva xa sexa para o aproveitamento madeireiro ou non, require dispoñer por parte da persoa física ou xurídica que asume a responsabilidade de execución das operacións de talla das árbores e da saca da madeira, de licenza ou de resolución municipal sobre a comunicación previa, segundo sexa o caso.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Para realizar a solicitude de licenza ou, no seu caso, presentar a comunicación previa, será necesario tamén aportar toda a información e a documentación complementaria requirida nos anexos desta ordenanza e que deberá ser firmada por persoa física ou xurídica que asume a responsabilidade das actuacións, podendo ser presentada no rexistro electrónico ou nas oficinas do rexistro municipal (artigo 11 d) do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos).

Deberá acompañarse da documentación complementaria relacionada no mesmo e dunha memoria técnica sobre as operacións firmada por técnico competente, e que reporte polo menos a seguinte información:

- a) Exposición motivada
- b) Estado natural e forestal do entorno afectado pola actividade forestal.
- c) Descrición e xustificación das operacións planificadas
- d) Plan de traballos
- e) Medidas de prevención e control de impactos ambientais.
- f) Plan de xestión de residuos no que se deberá achegar a documentación as autorizacións/comunicacións segundo proceda, acreditativas do cumprimento de requisitos legais respecto a produción e xestión dos residuos que se xerarán durante a actividade forestal.
- g) Reportaxe fotográfica que reflicta o estado actual das masas, vías e espazos municipais onde estean previstas as actuacións para as que se solicita licencia.
- h) Planos

Os modelos do Anexo I e Anexo II (válidos para solicitude para comunicación previa e licenza) están a disposición dos interesados na web do Concello de Oleiros ou na oficina de rexistro da Casa do Concello.

As actuacións para as que se faga a solicitude de licenza non poderán realizarse ata que sexa concedida, unha vez o servizo municipal competente verifique a información



CONCELLO DE OLEIROS

aportada, comprobe in situ as condicións do entorno previamente a intervención e proceda a validar a viabilidade da actuación conforme a descrición da mesma.

As actuacións suxeitas a comunicación previa poderán realizarse unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles, ou no seu caso 20 días hábiles, desde a presentación da documentación sen que o Concello requirise corrección das deficiencias observadas.

Artigo 13: Limitacións

En ningún caso poderanse realizar os labores de corta e saca de madeira, con carácter profesional con maquinaria pesada, sen contar coa autorización sectorial correspondente, xustificante da comunicación ou resolución da licenza municipal e establecemento de avais ou pago de taxas.

No caso de que a actividade forestal supoña a ocupación de terreos privados, o responsable deberá dispoñer previamente ao comezo da actividade forestal de autorización escrita do propietario da leira segundo o modelo disposto no anexo III.

Poderase limitar ou denegar o tránsito polos viarios de forma motivada, remitindo ao interesado o correspondente informe razoado dos fundamentos da denegación ou limitacións impostas.

A policía local inspeccionará as actuacións, en orde á seguridade no tránsito e á superación da capacidade de carga dos camiños e vías municipais polas que estase a transitar, formulando a correspondente denuncia no seu caso.

Artigo 14: Responsables

A persoa física ou xurídica (neste caso polo representante legal acreditado por medios válidos en dereito) titular da actividade asume a responsabilidade das actuacións forestais para as que se solicita licenza ou tramita a comunicación previa (artigo 11 d) do Decreto 144/2016).

A persoa titular da actividade é responsable do mantemento no momento dos requisitos que a actividade tiña que cumprir cando se presentou a comunicación previa.



CONCELLO DE OLEIROS

A persoa física ou xurídica que firma a comunicación ou solicita a licenza será responsable dos danos e prexuízos ás persoas, infraestruturas, bens patrimoniais e recursos naturais que se produzan ou ocasionen con motivo da súa actuación na talla, saca e transporte de madeira.

Nas actividades obxecto desta ordenanza que se executaron sen título habilitante ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas as persoas físicas ou xurídicas responsables das mesmas en calidade de promotor da actividade, propietario dos terreos ou técnico redactor da memoria técnica.

As sancións que se impoñan aos distintos suxeitos por unha mesma infracción terán entre si carácter independente.

Estarán exentos de responsabilidade os menores de 14 anos. No caso de que a infracción fose cometida por un menor de 14 anos, a autoridade competente poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de 18 anos, un menor non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con el, do pagamento das sancións pecuniarias que se lle impoñan, dos danos e perdas ocasionados de acordo co establecido no artigo 157.2 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción de acordo co establecido no artigo 162 bis os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais ou de feito, segundo proceda.

Artigo 15: Pago de taxas e fianzas

A solicitude de licenza ou a presentación de comunicación previa está suxeita ao pago da taxa por tramitación de expediente segundo ordenanza fiscal nº 3.

Para as operacións de talla e saca de madeira deberase depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos que no ámbito da súa responsabilidades poida xerar.

O importe da fianza fixase, segundo o peso máximo autorizado do vehículos de maior capacidade que se van empregar nas operacións da saca e transporte de madeira:



**CONCELLO DE
OLEIROS**

CAPACIDADE DO VEHÍCULO	CUANTÍA	
	FIANZA	SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL
≤ 16 T	1.500 euros	50.000 euros
≥ 16 T	3.000 euros	75.000 euros

A fianza responderá por todos os danos inherentes á actividade desenvolvida segundo o establecido no artigo 16 desta ordenanza.

A contía poderá ser incrementada e determinada a proposta do servizo municipal competente tras a cuantificación da superficie da intervención proposta e os potenciais riscos e impactos sobre a mesma.

A devolución da garantía deberá ser solicitada polo depositante tras dispoñer do informe de verificación do servizo municipal competente, que faga constar a adecuación das actuacións comunicadas ou autorizadas e o mantemento do entorno en condicións similares as de partida nas vías, nas infraestruturas, ou no dominio público local.

Artigo 16: Uso da fianza e execución subsidiaria

Comprobados os feitos causantes do dano ou acumulación de residuos xerados nas tarefas comunicadas ou autorizadas, o Concello de Oleiros poderá realizar previa tramitación do procedemento, con cargo á fianza ou aval, as operacións de reparación, repoboación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

Se os danos foron dunha contía superior a da garantía, o servizo municipal competente elaborará un informe técnico sobre ditos danos e emitirá o requirimento ao responsable da actuación para que abone o importe dos custos de reparación e reposición, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo, conforme ao previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.3 CAPITULO III: USO DA REDE DE VIAIS, PISTAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS

Artigo 17: Uso

Queda terminantemente prohibido na rede de viais, pistas e camiños municipais:

- a) o uso anormal ou que cause danos ou sexa contrario á seguridade do tráfico.



CONCELLO DE OLEIROS

- b) o arrastre de madeira e biomasa e de construción
- c) o emprego de maquinaria de cadea, salvo en limpeza e mellora das propias pistas, ou os que se empreguen en obras ou melloras aprobadas ou promovidas polo Concello de Oleiros.
- d) depositar e botar terra, pedras, formigón, todo tipo de entullos, restos de madeira, e biomasa en calquera tipo de vía e nas cunetas.
- e) almacenar produtos forestais procedentes dos aproveitamentos autorizados pola administración competente.
- f) Actividades ao marxe do propio tránsito da maquinaria hasta a lugar do aproveitamento que supoña a compactación do terreo ou risco de vertedura de substancias ou residuos perigosos sobre o solo.
- g) O aparcamento de vehículos e estacionamento de maquinaria

Artigo 18: Limitacións de carga

Non se poderán superar o tránsito de vehículos con masa máxima autorizada (M.M.A) ≥ 24 T por vías de leito natural seco o ≥ 20 T por vías con leito húmido e sen que se rexistren choivas.

O transporte de madeira e paso de máquinas pesadas realizarase en condicións meteorolóxicas favorables. Para ese efecto, considerarase que son condicións favorables cando haxa tal nivel de humidade na terra que ao paso de rodas de camión non se forme barro e non se xeren estrías ou afundimentos parciais ou totais na plataforma da pista.

Os días de choiva e/ou cando o firme non estea totalmente seco e exista barro no firme queda prohibido circular con vehículos de motor cuxo peso de vehículo máis carga sexa superior a 10 T.

Exceptúanse das prohibicións desta Ordenanza a circulación de vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como gardas forestais, medios de loita contra incendios, policía, bombeiros ou protección civil.

Artigo 19: Velocidade de circulación da maquinaria adscrita a la actividade



CONCELLO DE OLEIROS

Co fin de reducir o risco de accidentes e molestias a peóns, corredores, ciclistas e animais, os condutores coidarán de axustar a velocidade, reducíndoo ata o punto necesario nos tramos pendentes e perigosos, na proximidade de gando, ante a presenza de viandantes, así como nas tempadas secas para reducir a emisións difusas de po. Recoméndase non exceder os 30 km/h.

Artigo 20: Sinalización

Para asegurar a maior seguridade das persoas que poidan atoparse na contorna onde se realiza o aproveitamento, o responsable das operacións de talla e saca da madeira, terá a responsabilidade de dispoñer da sinalización adecuada dos riscos de forma permanente desde o inicio hasta a finalización dos tránsitos.

De xeito xeneralizado empregárase sinais con texto explicativo ao pe da representación gráfica, restrinxindo o uso de cinta de balizado en situacións específicas en que sexa a mellor das opcións de previr sobre o risco.

A lo menos a sinalización aportará información sobre:

- a) zona de traballos forestais en curso
- b) perigo talla de árbores
- c) entrada-saída de camións nos accesos principais as parcelas, pistas, cruzamentos e sendas, carreiros de bicicletas e calquera outros vía de tránsito da rede do municipio.

Ao finalizar os tránsitos asociados ás operacións de talla e saca comunicadas ou autorizadas, procederase á retirada de todo o material de sinalización empregado procedendo a adecuada xestión dos residuos que poidan xerarse.

3.4 CAPITULO IV: CONSERVACIÓN E LIMPEZA

Artigo 21: Medidas protectoras xerais

O responsable da talla e saca de madeira velará pola conservación dos espazos de titularidade e competencia municipal polos que transita e opera, procedendo a:



**CONCELLO DE
OLEIROS**

- a) propoñer na comunicación o solicitude de licencia o empregar camiños e cargadeiros xa preexistentes, nos que xa esta demostrada a condición de que non xeran problemas ambientais ou coa veciñanza.
- b) desenvolver os traballos no intervalo horario e no prazo especificado na resolución da licencia o no acordo sobre a comunicación previa, de conformidade a Orde de 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia.
- c) marcar de forma clara e diferenciada as árbores que deben ser protexidos, os que podan ser obxecto de transplante o talla, segundo os termos de resolución da licencia municipal.
- d) informar a todo o persoal que interveña na actividade forestal da importancia da conservación do entorno, da vexetación e das repercusións sancionadoras polos danos que poidan producirse.
- e) descartar por quedar prohibido por esta ordenanza, o uso das árbores e arbustos para o apoio ou suxeición de sinais, cordas, cables ou atar ferramentas ou maquinaria.
- f) non realizar modificación da rasante do perfil do terreo no seu estado natural. No caso de ser a única alternativa viable a modificación da rasante do perfil do terreo no seu estado natural, previa aprobación na licencia municipal, poderase levar a cabo, sempre e cando terminada as operacións autorizadas se restitúa ao estado previo as intervencións. As solicitudes de licenza deberán xustificar a necesidade de modificación e claramente a posición da rasante resultante aportando información da topografía da zona de intervención e descrición de potenciais efectos sobre as parcelas lindeiras, viais, camiños ou calles.
- g) asegurar a estabilidade e control da erosión de noiros, reducindo ao mínimo posible a lonxitude e inclinación e non deixando solos espidos, raíces descubertas, executando técnicas que melloren a capacidade do solo (achega e estendido de terra vexetal, substratos artificiais, tecnosoles, fertilizantes,



- produtos acondicionadores, absorbentes e estabilizantes) para que as plantas poidan colonizalo, evitando arrastre de terras e perdas de solo.
- h) arranxo e reparación inmediata dos deterioracións que se poidan producir debendo restablecer as condicións fisicomecánicas naquelas infraestruturas que quedaron danadas.
 - i) revisión do estado dos pasos de auga, cunetas de evacuación e drenaxes superficiais para facilitar o discorrer natural das augas pluviais entre a vexetación e o filtrado natural ao terreo, evitando a aparición de fochas e arrastre de terras.
 - j) reposición das infraestruturas vinculadas a subministracións de servizos auga, saneamento, telefonía, iluminación,...)
 - k) non realizar por quedar prohibido por esta ordenanza actividades que supoña a compactación do terreo, así como a aportación de cemento, formigón, alcatranado ou almacenamento de substancias ou residuos perigosos.
 - l) retirada de terras alteradas pola vertido accidental de substancias contaminantes procedendo a entrega do residuos de terras contaminadas a xestor autorizado, poñendo a disposición dos técnicos municipais o da policía local os rexistros que evidencian o cumprimento dos requisitos legais de aplicación.
 - m) presentar ante o servizo municipal e o órgano ambiental con competencia un plan de actuación para a recuperación do solos que poidan resultar contaminados polo derrame accidental e relevante de substancias ou residuos perigosos.
 - n) repoboar con especies arbóreas non prohibidas, descartando a plantación das especies relacionadas no Anexo V no ámbito delimitado no mesmo.
 - o) unha vez cortados os eucaliptos, realizar as tarefas necesarias para evitar a repoboación espontánea e natural dos mesmos.
 - p) manter no ámbito de faixa secundaria a limpeza procedendo a xestionar a biomasa vexetal e no seu caso substituír os exemplares das especies arbóreas prohibidas e relacionadas no Anexo V por exemplares das especies

relacionadas no Anexo IV ou outras especies non prohibidas que non sexan alóctonas.

Artigo 22: Protección física

As árbores e arbustos que estean na zona de actividade forestal e que poidan ser danados por elas, serán protexidos fisicamente mediante taboleiros ou cercado individual ao redor do tronco, desde a súa base ata unha altura de 2 m, utilizando material acolchado para evitar que a colocación das táboas poida danar a cortiza, procedéndose á retirada de material unha vez finalicen a actividade forestal comunicada ou autorizada.

Artigo 23: Sistema radical

Evitarase toda operación que poida supoñer unha alteración do sistema radical. Os exemplares cuxo sistema radical poida ser eliminado por riba dun 30%, tras a obtención de licenzia deberan ser tallados procedendo a reposición compensatoria regulada nesta ordenanza.

Nos casos en que a amputación das raíces sexa por debaixo do 30% do sistema radical deberase:

- Selar con cicatrizante, de forma inmediata a amputación, a zona de corte das raíces de tamaño ≥ 5 cm.
- Cubrir con terra vexetal húmida as raíces que poidan quedar descubertas antes das catro primeiras horas da realización do corte.

Nunca se realizarán modificacións da rasante do terreo por encima o por debaixo do enraizamento do arborado.

Artigo 24: Podas e tallas

Para a realización da actividade forestal queda prohibida a poda drástica, indiscriminada e extemporánea de todo arbore ou arbusto salvo que se dispoña de licenzia municipal o resolución de comunicación previa ordenando tal actuación.

Artigo 25: Plantacións e transplantes



CONCELLO DE OLEIROS

As actuacións forestais de plantación ou transplante realizaranse conforme ao establecido na Lei de Montes en canto a especies e distancias.

Queda prohibida a plantación ou transplante de:

- a) calquera exemplar das especies relacionados no Anexo V en solo urbano, urbanizable e ámbito delimitado das faixas secundarias
- b) especies alóctonas que danen o carácter da paisaxe e o equilibrio ecolóxico nos terreos rústicos de protección forestal.
- c) plantacións de eucaliptos

Artigo 26: Repoboación e reposición compensatoria

As actuacións de talla de árbores con aproveitamento forestal conlevan con carácter xeral a obriga de repoboación nas distintas categorías de solo rústico excepto no solo rústico de protección agrícola e solo rústico de protección de infraestruturas. Só se exceptuarán aqueles supostos nos que a plantación de árbores incumpra as distancias da Lei de Montes e da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais debendo quedar así xustificado na memoria que se achegue para a realización da talla.

Nos supostos de talla en solo urbano, solo urbanizable e nas tallas de exemplares illados sen aproveitamento forestal, cando a talla ou derribo sexa a única alternativa viable, será esixida a reposición por arborado equivalente sendo obrigación do responsable, a plantación dun exemplar por arbore tallada, excepto no suposto que na memoria do proxecto presentado atópanse motivado e xustifique que non é necesaria tal reposición: non afectar a especies singulares, impedir plasmar a edificabilidade que corresponde á parcela, quedar suficientemente garantida a cobertura vexetal do espazo libre da parcela, incumprimento de distancias a lindeiros ou para plantacións na Lei de Montes e da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En todo caso, de existir normativa específica sobre a materia no planeamento municipal (plan xeral e planeamento en desenvolvemento do plan xeral) estarase ao disposto nos mesmos.



CONCELLO DE OLEIROS

De ser posible o lugar de plantación será o mesmo que onde se produce a curta e na mesma localización do exemplar eliminado, correndo a cargo do responsable da actuación, a adecuación do terreo da plantación coa apertura de foxos e abonado correspondente, a carga, transporte, descarga, plantación e todas as accións de mantemento requiridas durante polo menos o primeiro ano de vida.

No caso de que non sexa posible ou conveniente a reposición no mesmo lugar, terase que realizar en espazos de titularidade municipal do Concello de Oleiros, no lugar indicado polo servizo municipal, asumindo o responsable da reposición a adecuación do terreo coa retirada de raíces, apertura de foxos e abonado correspondente, a carga, transporte, descarga, plantación e todas as accións de mantemento requiridas durante polo menos o primeiro ano de vida.

En todas as reposicións esíxese:

a) plantación de exemplares con terrón xerada de semente certificada para garantir as súas características xenéticas, debéndose tratar de material seleccionado da especie, que cumpra coa normativa vixente nos requisitos sanitarios, de procedencia e calidade, na forma que sexa exixida pola autoridade competente, dispoñendo do certificado de patrón coa etiqueta correspondente.

b) emprego de planta forestal coas seguintes características:

- Frondosas de 2 zumes repicado maior de 100 cm.
- Castiñeiro híbrido resistente/sativa de máis de 1 ata 2 m, de 2 zumes.
- Piñeiro de 1 ou 2 zumes con terrón.

c) realizar as reposicións de castaños, empregando exemplares de castaño autóctono inseridos sobre patrón resistente a enfermidade da tinta e que cumpra coas especificacións requiridas no apartado b).

d) Xustificar na memoria técnica de plantación planificada a partir da aplicación das seguintes fórmulas:

FÓRMULAS DE CÁLCULO DO NÚMERO DE ARBORES	
SISTEMA DE PLANTACIÓN	FÓRMULA
Rectangular o cuadrangular	$N = M / (A \times a)$



Tresbolillo	$N = M / (A \times a \times 0,866)$
Lineal	$N = (L/a) + 1$
Onde:	
<ul style="list-style-type: none">• N = número de árbores requiridos• M = superficie de plantación (m²)• A = distancia entre filas de árbores• a = distancia entre árbores dentro da mesma fila• L = Lonxitude a plantar (m)	

Salvo requirimento específico reflectido a lo menos a densidade de pes/ha será a que se especifica na táboa seguinte segundo a especie:

NÚMERO DE ÁRBORES /Ha	
Castaño	69
Piñeiro	204
Outras frondosas	100

e) asumir a reposición das marras durante os 12 meses seguintes a plantación do arborado e cumprir coas indicacións detalladas polo servizo municipal competente na resolución da licenza ou resolución de recoñecemento de eficacia da comunicación previa. Considérase admisible unha porcentaxe de marras $\leq 10\%$. A preparación do terreo e labores de mantemento das marras repostas haberá de asumilas do mesmo xeito que para a plantación inicial.

A nivel de parcela só admitiranse plantacións mixtas entre especies do anexo IV ata un máximo de 3 especies.

Previa a resolución da licenza ou dos títulos habilitantes de natureza urbanística indicárase o importe da garantía de reposición que será cuantificada en función da magnitude da reposición compensatoria conforme as indicacións de este artigo e do Informe xustificativo: contía de reposición compensatoria e fianzas que figura no Anexo de esta ordenanza. A garantía constituirase na tesourería municipal en metálico ou en aval bancario.

A licenza ou os títulos habilitantes da execución da actividade non adquiren eficacia en tanto non se presentou na Tesoureira Municipal a garantía de reposición.

Transcorridos 12 meses dás labores de reposición compensatoria, os técnicos do servizo municipal competente, previa comprobación sobre o terreo, verificará o estado da reposición segundo o cal se determinará a devolución do aval.



CONCELLO DE OLEIROS

O responsable da reposición compensatoria poderase abster de realizar a plantación compensatoria, optando por la execución subsidiaria polo Concello. Para elo o responsable aboará os costes de adecuación do terreo da plantación coa retirada de raíces, apertura de foxos e abonado correspondente, a carga, transporte, descarga, plantación e todas as accións de mantemento requiridas durante polo menos o primeiro ano de vida, polo importe calculado de conformidade coa valoración económica realizada ao efecto para esta ordenanza (ver informe xustificativo: contía de reposición compensatoria e fianzas). De acollerse a esta opción deberá quedar especificado na solicitude de licenza ou na formulación da comunicación previa e presentar resgardo da autoliquidación.

De acollerse ao suposto de delegar a execución ao Concello, a constitución da garantía de reposición substitúese pola autoliquidación voluntaria.

Artigo 27: Retirada, provisión de terra vexetal

Sempre que as operacións planificadas requiran movemento de terra procederase á retirada selectiva da terra vexetal para a súa posterior utilización no proceso de reposición.

A terra vexetal amorearase, formando pilas de ata unha altura máxima de 1,5 m sen compactar e facilitando a súa aireación.

En ningún caso as provisións poden afectar á rede de drenaxe natural e as pilas de terra vexetal non poderán permanecer máis aló da data estipulada de finalización dos traballos comunicados ou motivo de licenza.

Artigo 28: Cargadeiros de madeira

As pilas de madeira formaranse sempre que sexa posible sobre solo chaira capaz de soportar a carga sen sufrir deformacións que alteren as súas características edáficas.

Na base da pila colocaranse os troncos de maior sección e lonxitude, calzando os troncos exteriores coas cuñas adecuadas para reducir o risco de esvaramento. Cada tongada de troncos debe ter un tronco menos que a anterior. Previrase zunchos de atado ou postes de apuntamento para evitar o esvaramento, así como as técnicas que



CONCELLO DE OLEIROS

se consideren adecuadas segundo as características do terreo para facelo coa máxima seguridade.

A localización das pilas de madeira queda limitada ao espazo comunicado ou delimitado pola licencia obtida para o desenvolvemento da actividade forestal que motiva a súa presenza no monte.

Está prohibido o almacenamento de materias primas perigosas ou residuos perigosos no espazo delimitado para o cargadeiro de madeira así como o estacionamento de maquinaria que poida ser motivadora de compactación do chan ou xeradora de potenciais derrames de substancias contaminantes sobre o solo.

Artigo 29: Limpeza

O responsable da talla e saca de madeira está obrigado a limpeza e xestión dos residuos xerados, debendo atender os requirimentos e os prazos comunicados polos técnicos do servizo municipal competente ou da policía local para corrir as deficiencias que proceda.

A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, salvo por dificultades de mecanización xustificadas baseadas en porcentaxes de pendentes, en calquera caso superiores ao 30%, ou nunha elevada pedregosidade. No caso que as condicións de pluviometría supoñan risco de erosión ou grave compactamento do solo, ou aqueloutras que se determinen mediante orde do órgano competente, deberase dispor da autorización de prórroga para o cumprimento da obriga de extracción ou trituración da biomasa forestal residual.

Os restos da biomasa forestal triturados (non maiores de 50 cm), serán espallados mediante os medios mecánicos adecuados as características do terreo. No caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. En caso de imposibilidade técnica, deberase dispor da autorización do órgano competente, conforme se permite a autorización para a queima de restos forestais amoreados prevista na lexislación vixente.



CONCELLO DE OLEIROS

Deberá dispoñerse de rexistro acreditativo da comunicación de queima o de autorización de queima segundo o disposto no Decreto 105/2006, de 22 de xuño Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Os espazos municipais afectados pola intervención forestal deberán quedar totalmente limpas, sen ningún tipo de restos de materiais que supoña incremento da carga de lume, risco de propagación de enfermidades ou de contaminación do medio.

Respecto a outro tipo e natureza de refugallos, queda prohibida:

- a dispersión no medio de restos de material e bridas de atado.
- o abandono de envases ou embalaxes.
- o depósito de calquera residuos xerados pola actividade forestal nos colectores da recollida de residuos do Concello de Oleiros, debendo o responsable dispor, e ter a disposición da inspección, os correspondentes rexistros de que a súa xestión, segundo a súa natureza e composición faise mediante xestores de residuos autorizados.

Artigo 30: Cancelación de garantías

Previa solicitude polo responsable da actividade procederase á devolución das garantías depositadas na Tesourería Municipal tendo en conta as seguintes condicións:

1.- Cancelación da garantía por danos na actividade forestal

Previo informe dos servizos técnicos municipais no que se deixe constancia de que non foron ocasionados danos nas infraestruturas e bens municipais pola actividade forestal procederase a devolución de dita garantía.

2.- Cancelación da garantía de reposición compensatoria

Unha vez finalizadas as actuacións de reposición ou transplante, previa comunicación por parte do responsable a través de solicitude presentada no rexistro municipal, os técnicos municipais competentes, transcorridos 12 meses realizarán visita de



**CONCELLO DE
OLEIROS**

inspección co fin de verificar o cumprimento das condicións establecidas na resolución municipal, informando do éxito o fracaso da reposición ou transplante.

Se do informe despréndese que o arborado repostado ou transplantado atópase nas debidas condicións, procederase a devolver a garantía depositada para responder do éxito da actuación executada. En caso contrario, será executada e destinada á reposición compensatoria das árbores non termo municipal de Oleiros.

4. TÍTULO III: XESTIÓN DA BIOMASA

4.1 CAPITULO I: CONSERVACIÓN E LIMPIEZA

Artigo 31: Obxecto

O presente título ten por obxecto minorar os riscos primando a seguridade, para bens e as persoas por motivos de incendios de vexetación, compatibilizándoo con a protección das masas arbóreas de conformidade con el PXOM de Oleiros para o solo rústico. Así será de aplicación con respecto á conservación, limpeza, repoboación, rexeneración e curtas das masas forestais o establecido no PXOM para cada tipo concreto dos solos protexidos que o mesmo recolle, nos termos das Ordenanzas 10 a 17 (artigos 139 a 146) que os desenvolven, así como o previsto no art. 149.4 respecto a as repoboacións forestais para ao equilibrio ecolóxico, do medio natural, do medio ambiente e da paisaxe.

Primarase:

- A eliminación das especies arbóreas prohibidas e a súa substitución por especies arbóreas permitidas.
- Os labores de limpeza e conservación das masas arbóreas máis que a eliminación do arborado existente.

Artigo 32: Competencias

1. O Concello de Oleiros ten a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

- a) Xestión da biomasa vexetal e de retirada das árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 m:

1. Perimetral ao solo urbano, e urbanizable



2. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 m do monte, tendo en conta que non teñen a consideración de monte o solo rústico ordinario, o solo de especial protección agropecuaria, o solo urbano, o solo urbanizable e o solo de dominio público
 3. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
 4. Arredor do viario municipal
- b) Xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

2. En todos os casos non comprendidos no número anterior, corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza.

Para a aplicación deste artigo estarase á delimitación do ámbito de faixas secundarias grafadas sobre os planos do PXOM de Oleiros, que forman parte desta ordenanza e que se incorporan como anexo.

4.2 CAPITULO II: XESTIÓN

Artigo 33: Obrigas

As persoas responsables terán a obriga de:

- a) xestionar a biomasa vexetal dos terreos manténdoo limpos de maleza, nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder a súa



CONCELLO DE OLEIROS

desinfección e desratización periódica, mantendo o correcto estado sanitario da vexetación e evitado afeccións negativas ao espazo público.

b) xestionar a biomasa vexetal arbustiva e subarbustiva, nos terreos lindeiros coas vías e camiños de titularidade municipal, nunha franxa de 2 m.

c) substituír, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa que se corresponden co grafiado das faixas secundarias sobre os planos do PXOM, incorporado como anexo desta ordenanza, as árbores das especies relacionadas no Anexo V e coincidentes coas sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, por exemplares das especies relacionadas no Anexo IV ou de outras especies non prohibidas que non sexan alóctonas.

De non cumprir ditas obrigas as persoas responsables estarán obrigadas a atender o requirimento do concello nun prazo de 10 días hábiles.

Artigo 34: Criterios

As persoas responsables consonte ao disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, deberán acometer nos prazos establecidos a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

- a) Roza para eliminación do estrato herbáceo e arbustivos sempre que supoña un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación ou que supoña un problema para a salubridade pública.
- b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das arbores e vertical entre estas e os estratos herbáceos e arbustivos, non sendo este criterio aplicable en parques e xardíns municipais, arbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais, que se atopen illadas e non supoñan risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

Artigo 35: Distancias



CONCELLO DE OLEIROS

As masas forestais preexistentes deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (Anexo IV desta Ordenanza), e de 50 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012 de montes de Galicia e a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Nos supostos de plantacións de árbores froiteiros, sebes ou árbores ornamentais as distancias serán as fixadas na ordenanza municipal para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción destas no Concello de Oleiros.

De conformidade co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos espazos delimitados no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, que se corresponden co ámbito grafiado das faixas secundarias sobre os planos do PXOM e incorporados como anexo desta ordenanza, será obrigatorio para as persoas responsables, xestionar a biomasa vexetal.

Artigo 36: Execución subsidiaria

Corresponde ao Concello de Oleiros a competencia para a execución forzosa nos supostos de incumprimento voluntario das obrigacións de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa e nunha franxa de 50 metros ao redor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións.

O efecto procederá á imposición de multas coercitivas ou á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, no seu caso, comiso das especies arbóreas prohibidas previamente retiradas pola Administración.

Seguirase o procedemento establecido na Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería do Medio Rural (publicada no DOG nº 87 do 7 de maio de 2018).

O incumprimento das obrigacións por parte da persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, no caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que o Concello houbera asumido con cargo ao



**CONCELLO DE
OLEIROS**

seu orzamento, e que non lle poida repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela.

Para a venda de madeira procedente da execución subsidiaria estarase ao establecido no artigo 22 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril.

As medidas de prevención de incendios para o suposto de novas urbanizacións ou novas edificacións en terreos forestais ou en zonas de influencia forestal son as establecidas no artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, e deberán recollerse na normativa dos instrumentos de planeamento ou nas licenzas urbanísticas, respectivamente.

5. TÍTULO IV: DISCIPLINA

Artigo 37 : Actuacións de inspección e control posterior

1.- A inspección e control realizarase de conformidade cos artigos 369 ao 374 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da lei do solo de Galicia.

2. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación da adecuación das obras e actividades á normativa aplicable.

3. As actuacións de comprobación e inspección, así como de vixilancia e control, axustaranse tamén a lo disposto na lexislación sectorial, así como ás prescricións destas normas. Malia o anterior, no marco das competencias municipais poderá requirirse, en calquera momento, a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos aspectos cuxo cumprimento resulte exixible de acordo coa normativa de aplicación.

O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa levarano a cabo os servizos municipais no xeito que determine o plan de inspección aprobado polo concello, sen prexuízo da utilización de medios de colaboración pública, a través de fórmulas de colaboración interadministrativa, ou de medios de colaboración privada, a través das entidades de certificación de conformidade municipal.

4. A realización de visitas de inspección da actividade comporta a obriga de redactar unha acta de comprobación, sen prexuízo da tramitación, de ser o caso, dos correspondentes expedientes sancionadores ou de restablecemento da legalidade urbanística.

Artigo 38: Infraccións

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta ordenanza os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido, sen prexuízo da aplicabilidade, no seu caso, do establecido noutras normas sectoriais como son, entre outras, a lei de tráfico, de riscos laborais e calquera outra normativa estatal ou autonómica que resulte de aplicación.



CONCELLO DE OLEIROS

No suposto de actuacións que incumpran a normativa urbanística estarase ao disposto no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sobre infraccións e sancións urbanísticas.

2. Corresponde ao Concello de Oleiros a competencia para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores derivados da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais por incumprimento das obrigacións correspondentes á xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas nas franxas secundarias e ao redor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións en solo urbano e urbanizable.

Para a súa aplicación estarase á delimitación de faixas secundarias que figura no anexo desta Ordenanza.

As infraccións e sancións son as establecidas na Lei 3/2007 (Título VII, artigos 50 a 55 bis, ambos inclusive).

3. O incumprimento das actividades reguladas nesta ordenanza en materias de repoboación forestal, novas plantacións, verteduras ou abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais, a celebración de actos en montes incluíndo os deportivos a motor, a realización de aproveitamentos madeireiros ou de xestión privada e calquera outros regulados na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sancionaranse conforme o establecido no Título XII (artigos 127 a 144) da citada disposición.

Corresponde a competencia sancionadora:

- Á Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de montes e por razón do territorio cando se trate de infraccións cometidas en terreos que teñan a consideración de monte ou terreo forestal (artigo 2 da Lei 2/2012) polo que o Concello comunicará á mesma os feitos constitutivos de infracción para que incoe o procedemento e imponha a sanción que corresponda e solicitará que se lle teña como parte no expediente.
- Ao non ter a consideración de monte segundo a definición do artigo 2 da lei 7/2012, corresponde ao Concello de Oleiros a competencia sancionadora nos

supostos de infraccións cometidas en solo urbano, solo urbanizable, terreos de dominio público, terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola e terreos rústicos de especial protección agropecuaria.

Para a súa determinación e en tanto non se dispoña dun plan de ordenación forestal e demais instrumentos de planificación de recursos forestais terase en conta:

- A clasificación e cualificación do solo segundo PXOM y en especial respecto ao solo rústico de especial protección, que permite interpretar:
 - Que é monte ou terreo forestal unicamente ao solo rústico de especial protección forestal (ordenanza 10)
 - Que o solo rústico de protección ordinario (Ordenanza 9) e o solo rústico de protección agropecuaria (Ordenanza 14) non teñen a natureza de monte.
 - Que a Lei 2/2016 do solo de Galicia elimina o solo urbanizable non delimitado e establece unha soa clasificación de solo urbanizable.

4. Constitúen infraccións para os efectos da presente ordenanza os supostos non contemplados nos parágrafos anteriores, é dicir, para terreos que non teñan a consideración de monte nin de faixa secundaria, as seguintes:

A. Leves

- a. Deixades na limpeza dos espazos de competencia municipal.
- b. A execución das actividades realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por ser conformes co ordenamento urbanístico.
- c. O incumprimento das ordes de execución.
- d. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.
- e. O incumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidos na ordenanza, que non estean recollidos coma graves o moi graves.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

B. Graves

- a. A reincidencia na comisión de 2 infraccións leves no prazo de 12 meses cando así teña sido declarado por resolución firme en vía administrativa.
- b. A non comunicación previa ou a tramitación de licenza municipal da actividade forestal previa ao inicio das operacións así como o inicio das mesas sen dispoñer da resolución da licenza nos casos en que sexa preciso contar coa mesma, cando a actividade non sexa legalizable.
- c. A realización de actividades sen o previo pago de taxas ou constitución dos avales que correspondan.
- d. O tránsito de maquinaria e vehículos forestais por viais que non foron incluídos na comunicación ou para os que non se inclúe o permiso de tránsito na resolución da licenza.
- e. Apertura de viais forestais sen licenza ou sen axustarse as especificacións da resolución da mesma.
- f. Arrolar libremente a madeira polas pendentes dos terreos cara as vías públicas.
- g. Facer gabias de desaloxo de augas nos terreos municipais sen contar con licenza para a súa realización ou da autoridade sectorial competente pola derivación de augas ao leito de ríos.
- h. Facer movemento e compactación de terras incumprindo as condicións da resolución da licenza.
- i. Facer tallas ou cortas que resulten degradantes ou prexudiciais para o entorno.
- j. Facer uso de vehículos ou maquinaria para a realización de operacións reguladas nesta ordenanza que estean inmovilizados por anulación de licenza, que non hai superado a inspección técnica regulamentaria ou non figuren rexistrados para as actividades nas que se empregan.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

- k. Non procedera roza e limpeza de terreos despois de ser notificado o requirimento de execución.
- l. Non facilitar aos técnicos do servizo municipal con competencia ou á policía municipal os rexistros que poidan solicitar para a verificación do cumprimento dos requisitos de esta ordenanza e da lexislación sectorial dos organismos competentes na materia.
- m. Falsear os datos e documentación presentada para a comunicación ou tramitación de licencia da actividade forestal requirida por esta ordenanza.
- n. A realización de plantacións forestais sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.
- o. A realización de plantacións forestais nos tipos de solos especificados nesta ordenanza.
- p. O tráfico e falta de sinalización que condicionen a seguridade vial.

C. Moi Graves

- a. Almacenamento de materias e residuos perigosos sen cumprir coa normativa de aplicación e as condicións requiridas nesta ordenanza.
- b. Non proceder a executar a reposición compensatorio ou a reparar os danos causados segundo aos requirimentos notificados ao respecto.
- c. A contaminación de solos de espazos con competencia municipal con sustancias e residuos perigosos.
- d. Cando nas faltas graves concorran ademais algunha das seguintes circunstancias:
 - i. Malicia ou intencionalidade.
 - ii. Irreversibilidade do dano causado.
 - iii. Perigo para a seguridade viaria con resultado de accidente.
 - iv. Grave repercusión nos recursos naturais ou deterioro destes.

v. A reincidencia en dúas incidencias graves en 12 meses.

Artigo 39: Sancións

As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, multas dende 100 a 600 euros
- b) Por infraccións graves, multas dende 601 a 1.500 euros
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.5001 a 3.000 euros.

As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grado de intencionalidade
- b) Contía do beneficio obtido

Artigo 40: Rexistro de sancións

No servizo municipal competente, levarase rexistro das sancións impostas en virtude do réxime sancionador recollido neste título, no que figurará a identificador de cada infractor, a infracción cometida, a fecha da sanción, a multa imposta e a fecha de execución.

Artigo 41: Competencia para impoñer as sancións

1. O alcalde do Concello, ou ben o concelleiro que teña delegadas as funcións, serán competentes para impoñer as sancións cando procedan, logo da instrución do correspondente expediente sancionador.
2. Será competencia do alcalde, ou do concelleiro en quen delegue, garantir o exacto cumprimento das normas contidas nesta Ordenanza, a través dos servizos administrativos aos que se lle encomenden estas funcións e co auxilio da Policía Local.
3. Para o restablecemento da legalidade seguirase o procedemento para a protección da legalidade establecido na normativa urbanística.

6. DISPOSICIÓN

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Forma parte desta ordenanza o documento denominado DELIMITACIÓN DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA (documento Nº 2018015734 do 14 de agosto de 2018) que grafía os ámbitos nos que se fai necesaria a xestión da biomasa vexetal no termo municipal de Oleiros de conformidade co artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Os Anexos que incorpora esta ordenanza non teñen natureza regulamentaria e por tanto, o seu contido pode ser modificado por Resolución do Alcalde e previa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde ditará as instrucións necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza. Darase publicidade dos criterios interpretativos a través da web municipal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións deste Concello opóñanse ou resulten incompatibles coa as disposicións e regulación expresa desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e aprobación definitiva (se é ou caso), transcorra o prazo regulamentario a que se refire ou artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e publíquese integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE
OLEIROS

7. ANEXO I: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
PERSOA REPRESENTANTE:	Dirección correo electrónico
Teléfono móbil	Cargo
DATOS DA PERSOA FISICA OU XURIDICA RESPONSABLE	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
PERSOA REPRESENTANTE:	Dirección correo electrónico
Teléfono móbil	Cargo
DATOS DA EMPRESA TRANSPORTISTA	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
Dirección de correo electrónico	
DATOS DA PROPIEDAD FORESTAL	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	



**CONCELLO DE
OLEIROS**

DATOS DA PROPIEDAD FORESTAL			
Teléfono			
Dirección de correo electrónico			
DATOS DA ACTUACIÓN FORESTAL			
Superficie afectada pola intervención:			
Especie obxecto da talla:		Volume total de madeira a extraer (m³ ou T)	
Volume de madeira por especie a extraer (m³ ou T)		Obxectivo de aproveitamento madeireiro si no	
Nome das leiras ou montes afectados, lugar, parroquia,		UTM X: Y:	
Identificacións catastrais		Referencia Catastral	
Datas previstas de inicio		Data prevista de fin	
Viais de transito			
Cargadeiro de madeira Localización:		U.T.M X: Y:	
Data de inicio do almacenamento de madeira		Data de retirada da madeira	
Relación de maquinaria a empregar na talla e saca			
Tipo:	Marca e Modelo	M.M.A	Matrícula



**CONCELLO DE
OLEIROS**

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- MEMORIA TÉCNICA FIRMADA POR TÉCNICO CON COMPETENCIAS NA MATERIA
 - ⊖ Obxecto e motivación.
 - Estado legal.
 - Descrición do medio natural.
 - Estado forestal.
 - Plan de traballos.
 - Identificación de impactos ambientais.
 - Medidas de prevención e control de impactos ambientais.
 - Plan de xestión de residuos.
 - Reportaxe fotográfica que reflicta o estado actual das masas, vías e espazos onde está prevista as operativas de saca.
 - Planos.

- FOTOCOPIA COTEXADA DA SOLICITUDE OU DO PERMISO, AUTORIZACIÓN OU LICENZA DE CORTA.

- FOTOCOPIA COTEXADA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL OU CALQUERA OUTRO SIMILAR.

- FOTOCOPIA COTEXADA DO ÚLTIMO RECIBO PAGADO DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

- FIANZA OU AVAL BANCARIO POR DANOS NA ACTIVIDADE FORESTAL.

- FIANZA OU AVAL BANCARIO PARA GARANTIR A REPOSICION COMPENSATORIA.

- AUTOLIQUIDACIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DA REPOSICIÓN COMPENSATORIA POLO CONCELLO.

- AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD AFECTADA NO CASO DE OCUPACIÓN DE ESPAZOS PRIVADOS SEGUNDO ANEXO III.

Oleiros,.....de.....de 20....

Asdo: Don/Dona.....



**CONCELLO DE
OLEIROS**

8. ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE DE LICENZA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
PERSOA REPRESENTANTE:	Dirección correo electrónico
Teléfono móbil	Cargo
DATOS DA PERSOA FISICA OU XURIDICA RESPONSABLE	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
PERSOA REPRESENTANTE:	Dirección correo electrónico
Teléfono móbil	Cargo
DATOS DA EMPRESA TRANSPORTISTA	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	
Teléfono	
Dirección de correo electrónico	
DATOS DA PROPIEDAD FORESTAL	
Nome	
NIF/CIF	
Enderezo	



**CONCELLO DE
OLEIROS**

DATOS DA PROPIEDAD FORESTAL ONDE VAISE A OPERAR E MOTIVA A SOLICITUDE			
Teléfono			
Dirección de correo electrónico			
DATOS DA ACTUACIÓN FORESTAL			
Motivo da solicitude da licencia	Árbore enfermas ou mortas	Retirada de arbores caídos	
	Talla para mellora da visibilidade nos tránsitos	Talla para facilitar o tránsito	
	Corte de raíces	Movemento de terras	
	Nivelación de terreo	Acondicionamento de accesos	
	Outras		
Superficie afectada pola intervención (m²)			
Especies afectadas pola operación			
Viáis de tránsito			
Volume de madeira por especie a extraer (m³ ou T)		Obxectivo de aproveitamento madeireiro	
		si	no
Reposición compensatoria proposta	Reposición propia	compensatoria	Pagamento para reposición compensatoria polo Concello
Nome das leiras ou montes afectados, lugar, parroquia,		UTM	
		X:	Y:
Identificacións catastrais	Referencia Catastral		
Datas previstas de inicio		Data prevista de fin	
Cargadeiro de madeira		U.T.M	
Superficie solicitada		X:	Y:
Data de inicio do almacenamento de madeira		Data de retirada da madeira	
Relación de maquinaria a empregar na actividade forestal			
Tipo:	Marca e Modelo	M.M.A	Matrícula

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

MEMORIA TÉCNICA FIRMADA POR TÉCNICO CON COMPETENCIAS NA MATERIA

- Exposición motivada da solicitude da licenza.
- Estado natural e forestal do entorno afectado pola actividade forestal que motiva a tramitación de licenza.
- Descrición e xustificación das operacións planificadas.
- Plan de traballos.
- Identificación de impactos.
- Medidas de prevención e control de impactos ambientais.
- Plan de xestión de residuos.
- Reportaxe fotográfica que reflicta o estado actual das masas, vías e espazos municipais onde está prevista as actuacións para as que se solicita licenza.
- Planos

FOTOCOPIA COTEXADA DA SOLICITUDE OU DO PERMISO, AUTORIZACIÓN OU LICENZA DE CORTA.

FOTOCOPIA COTEXADA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL OU CALQUERA OUTRO SIMILAR.

FOTOCOPIA COTEXADA DO ÚLTIMO RECIBO PAGADO DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

FIANZA OU AVAL BANCARIO POR DANOS NA ACTIVIDADE FORESTAL

FIANZA OU AVAL BANCARIO PARA GARANTIR A REPOSICION COMPENSATORIA.

AUTOLIQUIDACIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DA REPOSICIÓN COMPENSATORIA POLO CONCELLO.

AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD AFECTADA NO CASO DE OCUPACIÓN DE ESPAZOS PRIVADOS SEGUNDO ANEXO III.

Oleiros,.....de.....de 20....

Asdo: Don/Dona.....



**CONCELLO DE
OLEIROS**

9. ANEXO III: ACORDO DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERREOS

En....., a..... de.....de.....

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D/DONA.....,estado civil....., maior de idade, con domicilio en, rúa....., nº, e provisto de DNI nº....., en diante PROPIETARIO/A

DOUTRA, D., maior de idade, con domicilio en, rúa....., nº....., e provisto de DNI nº, en diante RESPONSABLE.

INTERVEÑEN PARA POÑER DE MANIFESTO

Ambas as partes interveñen no seu propio nome e dereito (en caso de actuar como representante haberá de facerse constar este feito así como os datos do representante e da persoa ou entidade representada), recoñecéndose, como así o verifican neste acto, a mutua capacidade legal necesaria para a formalización do expreso consentimento de ocupación da parcela con referencia catastral do PROPIETARIO/A para a realización das operacións de xestión forestal con compromiso de indemnizar todos os posibles danos e prexuízos que se poidan ocasionar, reflectidas a continuación:

Fdo:



10. ANEXO IV: ESPECIES DE CONIFERAS E FRONDOSAS

CONIFERAS	
Nome común	Nome científico
Teixo	<i>Taxus Baccata</i> L.
FRONDOSAS	
Ameneiro	<i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaertn
Pradairo	<i>Acer pseudoplatanus</i> L.
Bidueiro	<i>Betula sp.</i>
Freixo	<i>Fraxinus excelsior</i> L.
Freixa	<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl
Castiñeiro	<i>Castanea sativa</i> Mill.
Castiñeiro híbrido	<i>Castanea x híbrida</i> (resistente a tinta)
Cerdeira	<i>Prunus aviun</i> L.
Carballo	<i>Quercus robur</i> L.
Cerquiño	<i>Quercus pyrenaica</i> Will
Sobreira	<i>Quercus suber</i> L.
Carballo albar	<i>Quercus petraea</i> (Matts) Liebl.
Aciñeira	<i>Quercus ilex</i> L. <i>Ssp.ballota</i> (Desf).Samp
	<i>Quercus rotundifolia</i> Lam.
Abeleira	<i>Corylus avellana</i> .L
Faia	<i>Fagus sylvatica</i> L.
Umeiro	<i>Ulmus glabra</i> Huds
	<i>Ulmus minor</i> Miller
Loureiro	<i>Laurus nobilis</i> L.
Sorbeira do monte	<i>Sorbus aria</i> L.
Capudre	<i>Sorbus aucuparia</i> L.
Nogueira	<i>Juglans regia</i> L.
Érbedo	<i>Arbustus unedo</i> L.



11. ANEXO V: ESPECIES CON PRESENCIA PROHIBIDA NOS SOLOS URBANOS, URBANIZABLE E AMBITO DELIMITADO DAS FAJAS SECUNDARIAS

CONÍFERAS	
Nome común	Nome científico
Piñeiro do país/piñeiro galego	<i>Pinus pinaster</i> L.
Piñeiro silvestre	<i>Pinus sylvestris</i>
Piñeiro de Monterrey	<i>Pinus radiata</i>
Piñeiro de Oergón	<i>Pseudotsuga menziesii</i>
FRONDOSAS	
Mimosa	<i>Acacia dealbata</i>
Acacia negra	<i>Acacia melanoxylum</i>
Eucalipto	<i>Eucalyptus</i> spp
Queiruga	<i>Calluna vulgaris</i>
Carqueixa	<i>Chamaespartium tridentatum</i>
Xesta	<i>Cytisus</i> spp
Uz, carpaza	<i>Erica</i> spp
Xesta, piorno	<i>Genista</i> spp
Fento	<i>Ptrridium aquilinum</i>
Silva	<i>Rubus</i> spp
Toxo	<i>Ulex europaeus</i>



12. INFORME XUSTIFICATIVO: CUANTÍA DE REPOSICION COMPENSATORIA E FIANZAS

1. BASES

O artigo 27 da Ordenanza no apartado a) require *empregar exemplares plantas con terrón xeradas de semente certificadas para garantir as súas características xenéticas, debéndose tratar material seleccionado da especie que cumpra coa normativa vixente nos requisitos sanitarios, de procedencia e calidade exterior, na forma que sexa exixida pola autoridade competente, dispoñendo do certificado de patrón coa etiqueta correspondente.* O apartado b) require *o emprego de planta forestal coas seguintes características: Frondosas de 2 zumes repicado maior de 100 cm, Castaño híbrido resistente/sativa de máis de 1 ata 2 m, de 2 zumes e Piñeiro de 1 ó 2 zumes con terrón.*

O éxito dunha repoboación vén determinado, en primeira instancia, polas condicións de estación e pola capacidade da planta de viveiro de expresar o seu potencial de crecemento nunhas condicións ambientais particulares. Os factores que inflúen no establecemento dunha planta no monte, son, en orde de importancia:

- as condicións ambientais do lugar de establecemento (adequación da especie, preparación do terreo e coidados culturais).
- o manexo da planta (plantación), e a súa morfoloxía e a súa fisioloxía (material forestal de reprodución e calidade da planta), aos que habería que engadir os factores xenéticos.

Cada un destes factores conleva multitude doutros implicados e interrelacionados, polo que os requirimentos do establecemento da planta no monte debe contemplar as posibles interaccións entre eles.

A execución dunha repoboación forestal ha de ter en conta:

- Densidade e marco plantación con criterios silvícolas.
- Método de repoboación.
- Roce, modo de execución e forma de afectar a matogueira.
- Preparación do solo, modo de execución e profundidade.
- Elección do tipo de planta, raíz núa ou envase.



CONCELLO DE OLEIROS

- Calidade: xenética, morfolóxica, fisiolóxica e biolóxica.
- Determinar a época de plantación e controlar condicións temporais de execución.
- Reposición de marras, fixando porcentaxe admisible.
- Instalación de protectores, xustificando a súa necesidade. Elección do tipo adecuado. Determinar as características do material (altura, cor, sección, perforacións, etc...) e o prazo de retirada.
- Regas de mantemento en época e lugar oportunos.
- Tratamentos de mellora en desenvolvemento: Prevención de incendios, claras, rozas e podas en tempo e con modo oportunos.

Terá que respectarse a calidade do material por ser un factor determinante no éxito dunha plantación por iso requírese que o material dispoña de etiquetaxe e documento provedor expedido polo ente provedor de material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución.

A idade óptima das plantas forestais (que se expresa en zumes, que é o número de períodos vexetativos que viviu a planta) é aquela onde a relación coste beneficio é a máis favorable, tendo en conta a taxa de supervivencia o crecemento e o coste (de cultivo e plantación).

Os exemplares de planta das especies frondosas incluídas no anexo IV da Ordenanza que se empregan nas plantacións forestais, é habitual que poida variar entre 1 zume maior de 20 cm, ata 35 cm e 2 zumes repicado maior de 100 cm. No caso do castaño, é habitual empregar nas plantacións, castaño híbrido resistente/sativa que pode variar de 0,5 m ata 1 m de 1 zume e 1 m ata 2 m, de 2 zumes. No caso das coníferas, nas que se engloban os piñeiros, é habitual a plantación con exemplares de 1ou 2 zumes a raíz núa e exemplares de 1 zume con terrón.

Cada partida de plantas seleccionada en terrón de semente certificada, debe levar a súa correspondente etiqueta ou etiquetas, utilizando tantas como se consideren necesarias para a súa correcta identificación.



CONCELLO DE
OLEIROS

2. ANALISIS ECONÓMICO

Para determinar a contía da garantía da reposición compensatoria, estímase o mais adecuado partir da análise de as seguintes alternativas:

- a. Frondosas de 2 zumes repicado maior de 100 cm.
- b. Castaño híbrido resistente/sativa de más de 1 m ata 2 m, de 2 zumes.
- c. Piñeiro de 1 ou 2 zumes con terrón.

Tendo en conta en cada unha delas, os seguintes factores:

- Prezo da planta.
- Costes de man de obra segundo ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Oleiros.
- Vehículos segundo ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Oleiros.
- Equipos segundo ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Oleiros.
- Accións preparación: abonado.



ESPECIE	Planta				Mano de Obra				Vehículos						Equipos				Acciones preparación terreno			TOTAL				
	Marco	pies/ha	precio/planta	Total	Categoría	precio/h	horas	subtotal	Categoría	euros/hora	horas	subtotal horas	Km	euros/km	subtotal	Total vehículos	Categoría	euros/hora	horas	subtotal	Concpeto		Importe Ha	Importe/Ha		
CASTAÑO	12 X 12	69	5,52 €	383,33 €	Coordinado S.municipal	29,98 €	2	59,96 €	Ligero y análogo	4,50 €	33	148,50 €	60	0,19 €	11,40 €	159,90 €	Maquinari a forestal	20,44 €	8	163,52 €	Abonado	200,00 €	200,00 €			
					Administrativo	22,81 €	1	22,81 €	Bomba forestal	61,33 €	7	429,31 €	20	0,19 €	3,80 €	433,11 €	Otros utiles forestales	20,44 €	21	429,24 €	Protector de planta	2,00 €	138,89 €			
					Auxiliar administrativo	14,48 €	1	14,48 €	Pala, retroescavadora o tractor	22,49 €	7	157,43 €	5	0,19 €	0,95 €	158,38 €										
					Encargado Area de S.Municiplaes	19,85 €	7	138,95 €	Camión	25,56 €	7	178,92 €	20	0,19 €	3,80 €	182,72 €										
					Jefe de equipo/encargado retén	16,00 €	5	80,00 €	Otros	18,39 €	7	128,73 €	20	0,19 €	3,80 €	132,53 €										
					Operario Servicio Municipales	14,42 €	21	302,82 €								0,00 €										
					Total adquisición de plantas			383,33 €	Total Mano de Obra			619,02 €	Subtotal por disposición vehículos			1.042,89 €	Subtotal		23,75 €	1.066,64 €				592,76		
ESPECIE	Planta				Mano de Obra				Vehículos						Equipos				Acciones preparación terreno			TOTAL				
	Marco	pies/ha	precio/planta	total	Categoría	precio/h	horas	subtotal	Categoría	euros/hora	horas	subtotal horas	Km	precio/km	subtotal	Total vehículos	Categoría	precio/hora	horas	subtotal	Concpeto	Importe und	Importe/Ha			
PINO	7 X 7	204	0,56 €	114,29 €	Coordinado S.municipal	29,98 €	2	59,96 €	Ligero y análogo	4,50 €	33	148,50 €	60	0,19 €	11,40 €	159,90 €	Maquinari a forestal	20,44 €	8	163,52 €	Abonado por ha	200,00 €	200,00 €			
					Administrativo	22,81 €	1	22,81 €	Bomba forestal	61,33 €	7	429,31 €	20	0,19 €	3,80 €	433,11 €	Otros utiles forestales	20,44 €	21	429,24 €	Protector de planta	2,00 €	408,16 €			
					Auxiliar administrativo	14,48 €	1	14,48 €	Pala, retroescavadora o tractor	22,49 €	7	157,43 €	5	0,19 €	0,95 €	158,38 €										
					Encargado Area de S.Municiplaes	19,85 €	7	138,95 €	Camión	25,56 €	7	178,92 €	20	0,19 €	3,80 €	182,72 €										
					Jefe de equipo/encargado retén	16,00 €	5	80,00 €	Otros	18,39 €	7	128,73 €	20	0,19 €	3,80 €	132,53 €										
					Operario Servicio Municipales	14,42 €	21	302,82 €																		
					Total adquisición de plantas			114,29 €	Total Mano de Obra			619,02 €	Subtotal por disposición vehículos			1.042,89 €	Subtotal		23,75 €	1.066,64 €				592,76		
ESPECIE	Planta				Mano de Obra				Vehículos						Equipos				Acciones preparación terreno			TOTAL				
	Marco	pies/ha	precio/planta	total	Categoría	precio/h	horas	subtotal	Categoría	euros/hora	horas	subtotal horas	Km	precio/km	subtotal	Total vehículos	Categoría	precio/hora	horas	subtotal	Concpeto	Importe und	Importe/Ha			
OTRAS FRONDOSAS	10 x 10	100	3,22 €	322,00 €	Coordinado S.municipal	29,98 €	2	59,96 €	Ligero y análogo	4,50 €	33	148,50 €	60	0,19 €	11,40 €	159,90 €	Maquinari a forestal	20,44 €	8	163,52 €	Abonado por ha	200,00 €	200,00 €			
					Administrativo	22,81 €	1	22,81 €	Bomba forestal	61,33 €	7	429,31 €	20	0,19 €	3,80 €	433,11 €	Otros utiles forestales	20,44 €	21	429,24 €	Protector de planta	2,00 €	200,00 €			
					Auxiliar administrativo	14,48 €	1	14,48 €	Pala, retroescavadora o tractor	22,49 €	7	157,43 €	5	0,19 €	0,95 €	158,38 €										
					Encargado Area de S.Municiplaes	19,85 €	7	138,95 €	Camión	25,56 €	7	178,92 €	20	0,19 €	3,80 €	182,72 €										
					Jefe de equipo/encargado retén	16,00 €	5	80,00 €	Otros	18,39 €	7	128,73 €	20	0,19 €	3,80 €	132,53 €										
					Operario Servicio Municipales	14,42 €	21	302,82 €																		
					Total adquisición de plantas			322,00 €	Total Mano de Obra			619,02 €	Subtotal por disposición vehículos			1.042,89 €	Subtotal		23,75 €	1.066,64 €				592,76		



**CONCELLO DE
OLEIROS**

3. CÁLCULO

A partir dos custos xustificados no punto 2, e como resultado do estudo económico, establécese o prezo da reposición compensatoria en 3.000 euros/ha, ou o que é o mesmo en 0,3 euros/ m².

Sendo por tanto o importe da garantía a prestar en cada actuación o resultante da aplicación da seguinte fórmula:

$$C= S \times c.u.$$

Onde:

C= Importe da garantía compensatoria expresada en euros

S= superficie afectada pola talla expresada en hectáreas ou metros cadrados

c.u= 0,3 en caso de calcularse en m² ó 3.000 en caso de calcularse en Ha